CAPA

n 24

Paula Ballesteros Arias

A paisaxe cultural de Brañas de Sar (Santiago de Compostela) A arquitectura da auga

Santiago de Compostela 2010

LaPa

CSIC
Consejo Superior de Investigaciones Científicas

CADERNOS de ARQUEOLOXÍA e PATRIMONIO

CAPA 24

Cadernos de Arqueoloxía e Patrimonio

A paisaxe cultural de Brañas de Sar (Santiago de Compostela): a arquitectura da auga

Paula Ballesteros Arias

Laboratorio de Patrimonio
Consejo Superior de Investigaciones Científicas

Data de edición: xullo 2010

CAPA 24

Cadernos de Arqueoloxía e Patrimonio

Consello de Redacción

César Parcero-Oubiña, LaPa - CSIC (director)
David Barreiro, LaPa - CSIC (secretario)
Yolanda Álvarez González, Terra Arqueos S.L.
Lois Armada, LaPa - CSIC
María Luz Endere, Universidad Nacional del Centro de la Provincia de Buenos Aires - UNICEN
Silvia Fernández Cacho, Instituto Andaluz de Patrimonio
César González-Pérez, LaPa - CSIC
Ignasi Grau Mira, Universidad de Alicante
Pilar Prieto, Universidade de Santiago de Compostela

Consello Asesor

Jesús Bermúdez Sánchez, Comunidad de Madrid
Rebeca Blanco-Rotea, LaPa – CSIC
Manuela Costa-Casais, LaPa – CSIC
Fidel Méndez Fernández, Past S.L.N.E.
Maria Conceição Lopes, CEAUCP, Universidade de Coimbra
Elías López-Romero, LaPa – CSIC
Dorothy Noyes, The Ohio State University
Eugenio Rodríguez Puentes, Xunta de Galicia

Edita

Laboratorio de Patrimonio (LaPa)
Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)

Enderezo de contacto

Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento
San Roque, 2
15704 Santiago de Compostela
Teléfono +34 981 547053
Fax +34 981 547104
E-mail E-mail lapa@iegps.csic.es
Web www.iegps.csic.es/lapa

Depósito Legal: C 2342-2010
ISSN: 1579-5349

Nova etapa editorial da serie CAPA

Neste 2010 cúmprense 13 anos da publicación do primeiro número da serie CAPA. Neste tempo, e logo de editar 23 traballos, a serie ten pasado por algúns cambios de orientación. Inicialmente estivo orientada á publicación de criterios e convencións metodolóxicas no ámbito da avaliación e xestión do patrimonio arqueolóxico. Esta foi a temática dos 14 primeiros números. En 2002, e a partir do número 15, reorientouse para contribuir a encher un espazo de publicación tan esencial como desatendido noutros medios académicos: a publicación de literatura gris, comprendendo protocolos e especificacións, pero tamén informes e memorias de traballo de campo, informes técnicos ou traballos académicos, seguindo uns criterios estándar de revisión anónima dos orixinais e garantíndose a axeitada referenciación e completa protección do publicado a través da inclusión nos rexistros do Depósito Legal e ISSN.

Agora, e a partir deste número 24, a serie inicia unha nova etapa na que, malia ao mantemento da mesma liña editorial, introdúcense algunhas novidades que queremos brevemente presentar. A primeira, cecáis a más visible, é a conversión da serie nunha **publicación exclusivamente electrónica** (novidade de feito xa iniciada tres números atrás, dende o 21). Isto permitirá gañar en rapidez na publicación e facilidade na distribución, pero tamén unha máis ampla e mellor incorporación de soporte gráfico, de cotío unha parte esencial do tipo de traballos para os que CAPA se orienta. Na liña das políticas Open Access seguidas polo CSIC, os novos números da serie serán aloxados no repositorio oficial Digital CSIC (digital.csic.es), onde serán accesibles para a súa descarga de xeito completamente libre para calquera persoa interesada. Nun futuro inmediato o acceso a eles será tamén posible a través da web do noso laboratorio (www.iegps.csic.es/lapa).

Unha segunda novidade é procurar unha **apertura da serie** á publicación de traballos procedentes dos diferentes axentes implicados na xestión e investigación do patrimonio. Ata a data, a serie ten sido basicamente unha ferramenta para a publicación de traballos producidos dentro do noso propio grupo, pero gostaríamos de que, de agora en diante, a publicación de traballos "externos" sexa a lo menos tan cotián como aquela. Ao final de cada número inclúense unhas breves normas e sinxelas para a remisión de orixinais, agora lixeiramente actualizadas, que non implican un grande traballo adicional para os posibles autores. Son benvidas contribucións en calquera das linguas oficiais do estado, así como en calquera outro idioma de ampla difusión no entorno (portugués, francés, inglés, italiano). Esperámolas en capa@iegps.csic.es.

Finalmente, o inicio desta nova etapa sinálase tamén coa **renovación** completa **dos órganos editoriais**, incluíndo a dirección e secretaría da serie. Como responsables últimos da mesma, gostaríanos rematar esta breve nota introductoria agradecendo expresamente a tódalas persoas que aceptaron incorporarse con nós ás tarefas editoriais, e ás que desempeñaron esta tarefa até o de agora. E aos autores, especialmente aos que estades por chegar.

César Parcero-Oubiña e David Barreiro

Director e Secretario da serie

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

TÁBOA DE CONTIDO

Introdución **7**
Obxectivos 7
Contidos 7
Alcance e desenvolvemento do traballo **8**
As entidades patrimoniais: plantexamentos 8
Metodoloxía de traballo 8
Documentación previa 8
Metodoloxía de traballo de campo 8
Tratamento da información 9
Desenvolvemento do traballo 9
Situación e análise do proxecto **9**
Descrición do proxecto e as súas accións 9
Problemática patrimonial 10
Descrición e caracterización da área de traballo 10
Problemática patrimonial previa 10
Entidades arqueolóxicas e arquitectónicas 11
Entidades históricas 11
Entidades etnográficas 11
Inventario Patrimonial **11**
Entidades arqueolóxicas 12
Entidades etnográficas 14
Áreas de actividade 15
Xestión da auga 16
Espazo agrario 17
Construcións para o tránsito 18
Referencias etnográficas 19
Análise da toponimia menor 19
Estruturas e formas de organización agraria **22**
Organización e aproveitamento da terra 22
O labradío 23
Os prados 23
A morfoloxía do parcelario 24
Estruturas agrarias tradicionais 24
O terrazgo organizado en terrazas. As terrazas en Brañas de Sar 24
Terraza de A Revolta de Abaixo - Goiáns de Abaixo, PU080220H02 25
Terraza de Picaños 25
Sistemas de parcelación: os peches 25
A arquitectura da auga **26**
Os muíños 26
Os muíños de canle 27
Os muíños de cubo 27
Os pelamios 27
A infraestrutura da auga 28
Estudo histórico e documental **29**
Contextualización histórica a través das fontes documentais 29
O imaxinario de Brañas de Sar 30
Bibliografía **30**
Táboas **33**
Catálogo **35**
Figuras **57**
Cartografía **109**

Ficha Técnica

Autoría do texto

Paula Ballesteros Arias

Dirección do proxecto

Paula Ballesteros Arias

Equipo técnico

Marco Antonio Rivas Nodar

Realización do Proxecto

Laboratorio de Patrimonio, Paleoambiente e Paisaxe, Instituto de Investigacións Tecnolóxicas, Universidade de Santiago de Compostela

Laboratorio de Patrimonio, Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, CSIC

referencias administrativas

Estudo arqueolóxico e etnográfico da paisaxe de As Brañas de Sar (Santiago de Compostela). Memoria Técnica. Entregada na DXPC en abril de 2008.

Plan Especial de ordenación, mellora medioambiental e acondicionamento (PE – 3R) de Santiago de Compostela.

financiamento

Financiamento do proxecto: Consorcio da Cidade de Santiago.

Financiamento da edición: Laboratorio de Patrimonio

CAPA 24

A paisaxe cultural de Brañas de Sar (Santiago de Compostela): a arquitectura da auga

Paula Ballesteros Arias

Laboratorio de Patrimonio, Paloeambiente e Paisaxe (LPPP), Universidade de Santiago de Compostela

Edificio Monte da Condesa, s/n

Campus Sur

Santiago de Compostela

Primeira edición

Resumo

Presentase un traballo de índole arqueoetnolóxica realizado en As Brañas do Sar, zona rural situada na periferia da cidade de Santiago de Compostela e emprazada no fondo de val por onde discorre o río Sar. En termos xerais, esta é unha zona depositaria dunha paisaxe agraria tradicional constituída basicamente polas pegadas das actividades agrícolas e gandeiras levadas a cabo polos seus poboadores ao longo do tempo. Así mesmo, abundan as construcións relacionadas co uso, xestión e distribución da auga nun medio onde o río Sar é o elemento fundamental a partires do cal se organiza a paisaxe.

Actualmente estamos a asistir a unha grande degradación deste espazo, evidenciada tanto polo acusado abandono do río como do seu contorno. Polo tanto, o seu coñecemento permitirannos valorar o legado que nos queda do pasado e así intentar integralo no noso espazo actual.

Abstract

The aim of this monograph is to show the results of an archaeo-ethnological work developed in the area of As Brañas de Sar, in the surroundings of the town of Santiago de Compostela. The area comprises a basin around the Sar river that holds a traditional agrarian landscape that preserves in a fairly good shape the remains of a long time peasant work. Along with cultivation terraces and fields, a number of architectural features are scattered on the area, many of them related to the management and distribution of water. The Sar river, and the different channels, reservoirs and water mills related to it, are the basic features that shape the whole landscape here.

In the very recent past, a progressive ruin of the area has begun to grew, which is visible in the abandonmet of both the river course itself and its environments. A thorough knowledge of that space would allow for a better understanding of its origins and historical value, that, in its turn, would allow a more coherent development of new uses in the area.

Palabras Chave

Arqueoloxía da Paisaxe, Paisaxe Cultural, Paisaxe agraria. Xestión da Auga, Etnoloxía, Tradición Oral, Toponimia, Brañas de Sar, Arqueoloxía Preventiva.

Keywords

Landscape Archaeology, Cultural Landscape, Agrarian Landscape, Water Management, Etnography, Oral History, Place Names, Brañas de Sar, Preventive Archaeology.

INTRODUCIÓN

Obxectivos

O traballo aquí exposto recolle parte dos resultados dun traballo de índole arqueoetnolóxica realizado na zona das Brañas do Sar (Santiago de Compostela) xa que está previsto que esta forme parte do Plan Especial de ordenación, mellora medioambiental e acondicionamento (PE – 3R) de Santiago de Compostela.

As Brañas do Sar, aínda que na actualidade é unha zona periférica cun alto grado de degradación ambiental e paisaxística, conserva parte da antiga paisaxe agraria tradicional constituída basicamente polas actividades agrícolas e gandeiras levadas a cabo polos poboadores desta zona.

Concretamente trátase de afondar no coñecemento do espazo rural para, a través da arqueoloxía e da etnografía, recoñecer, identificar e caracterizar os diferentes elementos desta paisaxe cuxa formación e construción deron lugar á configuración dun espazo tradicional específico onde o río Sar funciona coma eixe a través do cal se organiza e se xestiona a paisaxe..

Contidos

O presente estudo organízase en torno ós elementos documentados durante o traballo de campo, mais, previamente, expóñense os condicionantes específicos deste estudo, así como os plantexamentos teóricos e metodolóxicos que artellaron o labor de recompilación e documentación.

O inventario patrimonial organízase en dúas clases básicas de entidades, as arqueolóxicas (minoritarias) e as etnográficas (maioritarias). Inclúese unha análise da toponimia menor, polo interese que este tipo de información aporta cando se trata de reconstruír o espazo agrario tradicional.

Ademais, inclúense apartados específicos dedicados ás formas de organización agraria, así como á arquitectura da auga, fundamental para comprender a configuración da paisaxe das Brañas de Sar.

Inclúese tamén un apartado no que se expoñen as conclusións máis salientables derivadas do estudo histórico e documental realizado, de cara á contextualización histórica do espazo de estudo.

Por último, faise unha proposta para a realización de futuras sondaxes arqueolóxicas na zona, cuxa finalidade sería aportar datos significativos e relevantes acerca da orixe, xenealoxía e formación deste espazo particular.

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

ALCANCE E DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO

As entidades patrimoniais: plantexamentos

Cando se expón un traballo deste estilo, é factible considerar, a priori, as diferentes características que presentan os diversos tipos de entidades patrimoniais que adoitan ser documentadas.

As especiais características que concorren no rexistro arqueolóxico galego permiten (sobre todo cando se valoran desde as perspectivas que a Arqueoloxía da Paisaxe ofrece) expor unha serie de previsións acerca de posibles entidades arqueolóxicas non visibles en superficie, e só rastrexables a partir da documentación de restos materiais (industrias líticas, conxuntos de material cerámico...). Ata no caso de que non se documenten restos materiais que podan ser interpretados como un indicio fiable, estas valoracións hipotéticas non son subxectivas nin accidentais, senón que se fundan sobre bases ben definidas, tales como

1. Xacementos visibles existentes na zona e as súas implicacións en relación coa presenza potencial doutro tipo de xacementos.
2. Características topográficas e xeográficas da zona.
3. Modelos preditivos de localización de xacementos arqueolóxicos de natureza non visible.
4. Analoxías e extrapolacións baseadas noutros casos e zonas galegas.

Aínda que estas previsións non inflúen sobre o proxecto de construción, se son consideradas de forma simultánea ou en momentos previos á execución do proxecto, permitirán maximizar o control do Impacto Arqueolóxico e minimizar os custos implicados na resolución de imprevistos de natureza arqueolóxica.

Estas observacións permítennos presentar perspectivas ou hipóteses que tamén posúen implicacións para as obras e ante as cales, cando a súa posibilidade está ben fundada e polo tanto resulta factible, procede deseñar unha determinada estratexia correctora para minimizar o efecto da súa aparición imprevista durante a construción da obra. Esta precaución reflíctese na figura da cautela preventiva, establecida en función dos posibles restos arqueolóxicos actualmente non visibles.

Metodoloxía de traballo

Documentación previa

Comprendeu o estudo da documentación bibliográfica existente (ver apartado final: bibliografía) co obxectivo de recompilar referencias a entidades patrimoniais e achados producidos na zona que nos permitisen unha mellor caracterización dese rexistro e, por iso, unha mellor planificación e obtención de resultados.

Asemesmo, procedeuse á consulta do Inventario de Xacementos Arqueolóxicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia) e ó asesoramento cos Servizos de Arqueoloxía do mesmo organismo, co fin de solicitar a maior cantidade de información arqueolóxica dispoñible sobre a zona no devandito organismo.

Tamén foi levada a cabo unha análise cartográfica e toponímica (con mapas de escalas 1:25.000 e 1:10.000) que facilitou a comprensión da paisaxe actual e a aproximación á comprensión do mesmo en épocas prehistóricas e protohistóricas.

Metodoloxía de traballo de campo

Para alcanzar un grao de documentación satisfactoria dun rexistro tan diverso é necesario deseñar unha estratexia de traballo que integre as distintas posibilidades e casuísticas derivadas da variedade e dispersión do rexistro arqueolóxico e patrimonial galego.

O traballo de campo nunha prospección superficial adoita organizarse en varias fases diferentes que xeralmente aplicarán metodoloxías distintas de prospección destinadas cada unha delas a detectar un tipo de entidades patrimoniais concretas ou unhas zonas concretas. As entidades patrimoniais a documentar pertencen a dúas grandes categorías segundo a súa natureza: entidades visibles e entidades invisibles. O traballo de campo realízase aplicando tres metodoloxías arqueolóxicas de traballo de campo diferentes e complementarias entre si:

1. Nun primeiro momento, é necesario realizar a valoración dos compoñentes xa coñecidos do inventario arqueolóxico, pois esta valoración inicial é necesaria para realizar unha avaliación e caracterización preliminar das entidades arqueolóxicas existentes na zona, dado que os devanditos compoñentes estarán obviamente en relación coa contorna arqueolóxica e paisaxística. Esta avaliación preliminar realízase visitando todos os elementos arqueolóxicos coñecidos, completando ou corrixindo aqueles extremos contidos na información de partida que non coincidan coas observacións realizadas polo equipo de arqueólogos. Esta visita inicial permitirá a composición ou delimitación de contornas arqueolóxicas que serán obxecto de atención específica nas fases sucesivas do traballo de campo. Un segundo obxectivo desta fase, pero non menos importante, é a selección de zonas polo seu potencial para albergar xacementos de natureza invisible, así como por ofrecer posibilidades de prospección que outras áreas non posuían. Este traballo baséase na experiencia adquirida polo noso grupo de investigación ó longo dos anos nos diferentes traballos desenvolvidos en diversas zonas de Galicia; grazas a ela pódense definir modelos preditivos de localización de xacementos.
2. A segunda fase consiste nunha prospección intensiva de carácter superficial, que abarca a tota-

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

lidade do terreo afectado polo proxecto. A súa finalidade é a detección de entidades culturais de natureza visible pero de difícil documentación nunha prospección extensiva, especialmente naquelas zonas nas que a vexetación, principalmente arbórea e arbustiva. Nas zonas desprovistas de vexetación realízase unha inspección superficial detida con obxecto de localizar indicios de entidades arqueolóxicas non visibles.

3. A terceira fase de traballo contempla a intensificación dos traballos en zonas concretas da área de estudo previamente seleccionadas, realizándose unha prospección de cobertura total, co fin de localizar evidencias de cultura material que permitan identificar elementos arqueolóxicos non visibles en superficie. Isto é posible nas zonas nas que o terreo presenta remoción de terra, podendo falarse neste sentido de dous tipos de áreas de inspección:
   - Aquelas zonas que ofrecen a posibilidade dunha inspección detida sen que en ningún momento sexa necesaria a remoción dos terreos, principalmente terreos roturados, pistas, devasas, etc.
   - As zonas nas que algunha das fases anteriores arroxou evidencias de material arqueolóxico en superficie; nelas intensificaranse as procuras recorrendo ós cortes do terreo que existan nas proximidades intentando localizar novos indicios arqueolóxicos.

Porén, hai que sinalar o carácter xenérico destas áreas de estudo, xa que na práctica é posible que sexa necesario realizar prospeccións intensivas ata nas áreas de mostraxe, tendo en conta que desde a perspectiva da Arqueoloxía da Paisaxe o rexistro da información non se debe reducir a unha mera crónica dos xacementos afectados pola obra ou os que poidan ser destruídos, senón que se deben recoller a maior cantidade de datos posibles sobre o contexto arqueolóxico da área de traballo, así como documentación de aspectos ambientais, de paisaxe rural, etnografía e folclore, etc.

Tratamento da información

Con todos os datos recuperados realizouse o correspondente **Catálogo**, que se adxunta ó final deste informe. Neste catálogo inclúese toda a información referente ás entidades patrimoniais documentadas, organizada en fichas de carácter descritivo e valorativo.

Por isto, a información textual comprendida no catálogo debe ser entendida como complementaria da información contida na cartografía que acompaña ó presente texto, dado que nel recóllense as distintas entidades documentadas, así como a súa localización. A codificación empregada en devandito catálogo, a condición de que as entidades se atopen claramente identificadas no Inventario de Xacementos Arqueolóxicos de Galicia, será o código oficial que figura no devandito inventario.

Ademais, inclúense no texto e no catálogo láminas ilustrativas, compostas con base en fotografías actuais e noutros sistemas de representación (detalles da cartografía, esbozo, modelos tridimensionais...), que conteñen información visual acerca da problemática concernente ás entidades patrimoniais documentadas na zona de Brañas de Sar.

Para rematar, debemos sinalar que o sistema de codificación empregado polo Laboratorio de Patrimonio, Paleoambiente e Paisaxe responde ó sistema de información utilizado (SIA+). Sempre que foi posible, empregouse o sistema de codificación oficial, a fin de evitar posibles confusións respecto diso.

Desenvolvemento do traballo

A continuación enumeramos as diferentes fases de traballo que tiveron lugar no marco desta actuación. Poderíase falar de tres partes concretadas en dúas fases de gabinete, unha no inicio e outra ó final, no medio, a fase de traballo de campo.

1. Traballo de gabinete. Análise da documentación dispoñible:
   - Cartografía.
   - Normas de Planeamento Urbanístico.
   - Inventario de Xacementos Arqueolóxicos de Galicia.
   - Bibliografía.
2. Traballo de campo
   - Prospección superficial do espazo levado a estudo que implicaría unha labor de Inventariado do Patrimonio Cultural centrada na localización dos elementos máis perceptibles ou dos que se tivese constancia pola documentación consultada.
   - Entrevistas etnográficas para recompilar información oral acerca dos usos tradicionais deste espazo e do seu folclore asociado.
3. Traballo de gabinete, que conleva:
   - Sistematización da información.
   - Arquivo fotográfico.
   - Transcrición parcial das gravacións etnográficas recollidas.
   - Estudo da toponimia menor e a súa conseguinte análise.
   - Elaboración da parte gráfica.
   - Recapitulación e estudo da información recollida en campo.

SITUACIÓN E ANÁLISE DO PROXECTO

Descrición do proxecto e as súas accións

A localización do Parque ambiental e do Complexo da Cidade da Cultura nun ámbito periférico lindante coa nova barreira artificial que supón a Autoestrada do Atlántico determina a necesidade de afrontar de xeito definitivo a ordenación das Brañas de Sar, pasando de ser un espazo cautelarmente protexido a outro acondicionado e incorporado á cidade continua.

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

As súas características naturais determinan que grande parte da súa superficie teña un carácter inundable, situación que se ven agravando no transcurso dos anos na medida en que se incrementa a superficie de escorrentía polo proceso de urbanización. Desde o punto de vista da súa delimitación, e pese á súa contigüidade coa cidade, continúa e é máis densa a barreira (ata o de agora infranqueable) do ferrocarril, que lle confire un carácter de espazo inaccesible e que pouco a pouco vai acadando niveis de abandono que poden chegar a convertelo nunha área residual pese á súa centralidade.

Dous accesos son os principias, por unha banda a través das Fontes do Viso e Fontiñas, e por outra desde a Calzada de Sar, esta última incorporada ó ámbito da Cidade Histórica. O proxectado enlace Ponte Pedriña – Sar e o desenvolvemento do Solo Urbanizable programado SUP-PP-7 Ponte Pedriña II abren as perspectivas para novos puntos de accesibilidade ás que a revisión do Plan Xeral está atenta.

Polo tanto: espazo natural, presenza da Cidade Histórica e accesibilidade son elementos que debe afrontar o proxecto urbano proposto.

Simultaneamente debe abordase unha acción integral de recomposición ambiental e paisaxística da actual támara do ferrocarril, agora convertido en zócolo da cidade histórica e consolidada nunha lectura desde o Monte Gaiás. No contacto cos tecidos urbanos de Calzada de Sar establécese, nunha pequena escala, un uso complementario residencial cun marcado carácter de remate mediante a delimitación dun sector de solo urbanizable de uso residencial.

A accesibilidade ó ámbito debe ser peonil, relacionando lonxitudinalmente con Fontiñas e coa Calzada do Sar.

Outro dos elementos a salientar é a Colexiata do Sar (Monumento Histórico-Artístico) polo que está é outra das razóns para facer este espazo máis partícipe das propostas da cidade Histórica. Deste xeito, o espazo de Brañas de Sar pasa a ocupar unha posición central na cidade, e faise necesaria a ordenación dos seus bordos, unha vez mantido o espazo natural libre de ocupacións.

Problemática patrimonial

Descrición e caracterización da área de traballo

A zona de actuación denominada As Brañas de Sar sitúase no termo municipal de Santiago de Compostela e ocupa unha superficie total de 330.056 m^2. En termos xerais, sitúase na parte nordeste do val de A Mahía, espazo maioritariamente granítico que marca o escalonamento gradual entre as terras de Santiago e a costa atlántica, coñecida como o escalón de Santiago, formando amplas superficies de erosión que parten desde a dorsal galega (figura 1).

Os distintos afluentes dos ríos Sar e Ulla (entre os que destacan o Roxos e o Sarela) forman pequenos vales que erosionan a superficie, deixando en resalte pequenas áreas montañosas entre as que destaca o Monte Pedroso (461 m) e o Monte do Viso (389 m). Concretamente o río Sar, que atravesa a zona de Brañas de Sar, é un afluente do río Ulla pola súa banda dereita. Nace na parroquia de Bando (Santiago de Compostela) e discorre polas parroquias tamén composteláns de Sar, Conxo e Laraño. Finalmente desemboca na parroquia de Iria Flavia (Padrón).

Problemática patrimonial previa

O carácter agrario da zona onde se proxecta levar a cabo a habilitación do parque de As Brañas de Sar fai previsible a localización de elementos pertencentes ó Patrimonio Cultural; arqueolóxicos e, sobre todo, etnográficos.

No que á problemática arqueolóxica se refire, hai que ter en conta que na zona obxecto de estudo hai documentados importantes vestixios de época medieval como a Colexiata de Santa María a Real do Sar (BIC 14-VIII-1995), un dos elementos máis representativos do patrimonio construído do concello, ou mesmo a proximidade da propia cidade de Santiago de Compostela, de indiscutible importancia patrimonial.

Nas súas proximidades discorre a Calzada de Sar, e mesmo atravesa a zona de As Brañas de Sar, polo que resulta evidente que, ó tratarse do Camiño de Santiago, estea vinculado a un intenso tránsito e actividade desde, polo menos, a época medieval. O certo é que o seu propio trazado ubícase nun lugar de paso óptimo para sortear as pendentes da ladeira Monte Gaiás na súa cara sudoeste, por lo que podemos supoñer que o trazado posiblemente discorre por algún camiño tradicional ou paso natural anterior á construción da propia Calzada. Neste sentido hai numerosos topónimos significativos e reveladores, fundamentalmente de carácter medieval, como a Calzada de Ponte de Sar, Cruceiro do Sar, A Torre Branca, etc.

No que á problemática etnográfica se refire, debemos sinalar que existen elementos visibles pertencentes ó patrimonio construído tipo cruceiros, hórreos, pontes e pontellas, muíños, vivendas que posiblemente manteñan o seu caracter tradicional, etc.

Dentro deste patrimonio construído debemos de ter en conta un elemento fundamental na configuración deste espazo de Brañas de Sar, como é a súa paisaxe agraria tradicional, que afortunadamente conserva en parte. Así, esta zona caracterízase por unha explotación agrícola onde se desenvolve unha agricultura de corte tradicional baseada no policultivo de subsistencia da unidade familiar. O mesmo topónimo de “braña” fai referencia a terreos achairados e encharcados, dedicados a prado ou a monte, próximos a correntes de auga, como neste caso as crecidas do río Sar.

Neste espazo agrario lévase a cabo unha economía pechada, orientada, en ocasións, ó abastecemento da cidade de Santiago. De feito, desde a Idade Media constátase a existencia de alfoces ou de territorios suburbanos dependentes do dominio señorial da cidade, o que ven configurar a estreita relación entre a cidade e o campo no mundo feudal. Esta paisaxe, co seu peculiar parcelario, elementos de peche, accesos, camiños, e formas aterrazadas,

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

puido estar vinculada á explotación do medio en época altomedieval. Apoiando esta hipótese están os resultados obtidos nos traballos de *Seguimento e Control Arqueolóxico das obras de construción da Cidade da Cultura*[1], sita en Monte Gaiás. Neste proxecto, a través da aplicación da metodoloxía arqueolóxica ós elementos agrarios, fundamentalmente a terrazas de cultivo, puidemos obter datacións radiocarbónicas que nos remiten ós séculos IV e V d. C para os inicios da transformación desta paisaxe rural en mans das comunidades campesiñas.

Tamén hai que ter en conta os elementos pertencentes ó patrimonio inmaterial, como poden ser as lendas, contos, refráns, a microtoponimia, antigos usos do solo, traballos comunais, etc. Mentres que o patrimonio material pode ser documentado mediante inspección visual do terreo, o patrimonio invisible require dunha procelosa tarefa de entrevistas ós veciños da zona.

Por todo elo, houbo que ter en conta a eventual afección a algún elemento vinculado as entidades anteriormente citadas, tanto de carácter arqueolóxico como histórico-artístico ou etnográfico, e estudiar e sistematizar a información elaborada (táboa 1).

Tanto a Ponte do Sar como os Muíños denominados de Brañas de Sar[2] inclúense no apartado de Inventario Patrimonial xa que a pesares de que están referidos no Catálogo de Bens Culturais só constan no listado sen ter ficha propia polo que decidiuse facer unha ampliación dos datos anteriormente facilitados.

Entidades arqueolóxicas e arquitectónicas

Colexiata de Sta. María a Real de Sar, YA990617I01

A Colexiata de Santa María a Real de Sar, fundada en 1136 e concluída ó redor de 1150, con numerosas remodelacións posteriores. De planta basilical orientada de E-W, con tres naves e tres ábsides.

A capela maior é poligonal, as laterais poligonais no interior e no exterior semicirculares. As naves están separadas por alicerces compostos. A nave central é algo máis ancha e máis larga que as laterais. A altura é case igual para as tres naves. Cóbrense con bóvedas de canón reforzadas con arcos. Os arcos das naves laterais son de medio punto algo peraltados. A decoración dos capiteis é vexetal, tanto nos alicerces como nas columnas. A iluminación do interior efectúase a través de fiestras nos muros laterais, a nave central ilumínase con dous rosetóns. A decoración é sobria e limítase, practicamente ós capiteis, non así a cabeceira, con maior riqueza decorativa (vexetais, zoomorfos, arcos cegos, no ábside hai restos de pinturas murais ó fresco do século XVI). No exterior distínguense claramente dous momentos construtivos: unha parte románica, o núcleo, e outra parte do século XVIII, os grandes arbotantes que abrazan o edificio. Conta cun claustro barroco e o mosteiro encostado (figura 2).

Entidades históricas

Calzada de Sar, PU000803S01

Trátase dunha calzada empedrada, formada por pedras de xisto de coloración negruzca que percorre parte da ladeira SO do Monte Gaiás.

Dispón dunha medianeira con pedras que alternan a posición lonxitudinal e transversal e distribúe o resto do empedrado a ambos os dous lados formando cuarteróns. Nos lados, ten grandes pedras de anfibolita, presentando nalgunhas partes unha acanaladura para recoller e dirixir as augas. Asemade, a calzada presenta dous rebaixes a modo de canle que a atravesan para dirixir a auga procedente da fonte e dun dos accesos (en rampla) situados no noiro, que comunican a calzada coas leiras do monte. As pedras atópanse moi pulidas polo desgaste e, en algures, aínda se poden apreciar as rodeiras ou marcas ocasionadas polo paso continuado das rodas dos carros (figura 3).

Entidades etnográficas

Cruceiro de Sar, PU000818S01

O cruceiro, situado nun cruce de camiños e nun punto con lixeira pendente, está asentado sobre unha base cuadrangular escalonada con cinco escadas cara ó W e tres cara ó E. A basa do fuste, de forma cúbica, posúe unha inscrición que a circunda, practicamente ilexible. O fuste ten forma octogonal e termina nun capitel decorado con catro anxos. Na cruz predominan as formas rectas aínda que os brazos terminan en lixeiras formas romas; ten o Cristo crucificado na cara W e á Virxe da Piedade na cara E. O material é granito e posúe restos de grandes grapas de ferro de unión entre escadas e entre basa e fuste (figura 4).

INVENTARIO PATRIMONIAL

Neste apartado inclúense as distintas entidades patrimoniais documentadas na actuación, cunha breve

[1] A memoria técnica deste traballo entregouse na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en abril de 2002. Asimesmo, parte do resultado deste traballo foi publicado nun artigo feito por P. Ballesteros, F. Criado-Boado e J. Andrade titulado: Formas y fechas de un paisaje agrario de época medieval: A Cidade da Cultura en Santigo de Compostela. *Arqueología Espacial*. 26. Teruel, 2006.

[2] Estes muíños aparecen denominados no inventario e no catálogo como Muíño de Lavadoiros I e Muíño de Lavadoiros II pois *Lavadoiros* correspóndese co microtoponimo das parcelas onde se sitúan estas construcións.

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

descrición das súas características e dimensións e unha síntese valorativa.

A información organízase a partir da distinción de tres tipos de entidades patrimoniais: arqueolóxicas, históricas e etnográficas. Para iso séguese a distinción realizada pola Xunta de Galicia na resolución de 14 de maio de 1991 pola que se ordena a publicación das Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento das provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra (NNSS en diante), no que respecta á protección do Patrimonio Cultural.

Segundo o distinto carácter das entidades, estas gozarán, a priori, dunha protección diferente, segundo as mesmas NNSS: para as entidades arqueolóxicas, o contorno de protección será de 200 m, medidos desde o perímetro exterior do ben. Para os elementos arquitectónicos (de carácter civil, relixioso ou militar), o contorno de protección será de 100 m de radio, sendo o contorno de protección das entidades etnográficas de 50 m de radio desde o exterior de cada entidade. Estes contornos de protección serven de base para o deseño de figuras de protección específicas sobre as entidades documentadas, en función do tipo de proxecto que se informa.

Previamente á exposición das distintas entidades documentadas, organizada en función desta gradación na protección legal, convén realizar unha aproximación á problemática patrimonial previa á realización dos traballos, a fin de contextualizar con máis precisión os resultados obtidos na mesma.

Aplicando os principios e formulacións xa vistos no apartado “Alcance e desenvolvemento do traballo”, durante a realización do traballo consideráronse dous tipos de entidades distintas: os **obxectos reais** e as **valoracións hipotéticas**. A consideración destes dous conxuntos complementarios de datos arqueolóxicos dá lugar a dous tipos de implicacións distintas: nun caso permiten desprender **resultados concretos** e físicos, entidades visibles que poden ser, máis ou menos, delimitadas no espazo.

Entre as entidades arqueolóxicas é factible facer unha distinción baseada na distinta natureza das entidades, segundo sexan visibles ou no.

1. Os xacementos visibles (ou monumentais, en definitiva) caracterízanse por destacar sobre o terreo, ser apreciados a primeira ollada e presentar estruturas ben definidas, sendo numerosos e ben coñecidos no ámbito arqueolóxico galego; os exemplos máis destacados deste tipo son os túmulos, os petróglifos e os castros, así como determinados elementos históricos de época medieval ou moderna (torres, igrexas...).
2. Os xacementos de natureza invisible, pola súa banda, presentan características ben diferentes, xa que ademais de non ser detectados sen unha remoción do terreo, presentan estruturas complexas e dispersas, resultando en moitos casos difícil a definición dos seus límites. Os exemplos máis destacados deste tipo son os xacementos de época paleolítica (sobre todo Paleolítico Superior e Epipaleolítico), así como os asentamentos do Neolítico e da Idade do Bronce (2300-1000 a.C.)

Ademais destes elementos, de natureza arqueolóxica, o traballo debe ter en conta outros elementos:

1. Os elementos do patrimonio arquitectónico, na que entrarían construcións de carácter civil, relixioso ou militar. Dentro deste grupo entrarían as igrexas (sempre que non se consideren de antigüidade suficiente como para ser definidas como xacementos arqueolóxicos, como é o caso da Colexiata de Santa María de Sar) ou os pazos.
2. Os elementos do patrimonio etnográfico, que tamén forman parte do patrimonio cultural. Os máis frecuentes adoitan ser as vivendas, os hórreos, os cruceiros e os muíños.

En todos os casos, a lexislación vixente contempla un contorno de protección xeral para toda entidade patrimonial.

Entidades arqueolóxicas

Neste apartado concretaremos que as entidades arqueolóxicas documentadas foros as relacionadas coa recollida de **diverso material cerámico** provinte da prospección superficial realizada en toda a área levada a estudo.

Podemos sinalar dúas zonas de recollida de material: as zonas nas que se rexistrou maior cantidade de material foron as zonas aterrazadas do río, nas que destaca a presenza de todo tipo de materiais e épocas. Porén, fanse patentes dúas constantes. A primeira é que o río arrastra materiais continuamente conformando concas de sedimentación estábeis ó longo da zona de Brañas de Sar, nas que se poda definir unha secuenza estratigráfica policíclica e na que se poden contextualizar materiais antigos. A segunda está relacionada coa anterior. O río Sar, na zona das Brañas de Sar, cambia continuamente o seu cauce, o que fai que os procesos de sedimentación e erosión estén interactuando continuamente. Estas dúas causas teñen como consecuencia que o material recollido sexa de época recente, a excepción dalgún fragmento moi rodado e de difícil identificación e clasificación.

Outro ámbito de recollida de material identificase coas zonas onde se están levando a cabo remocións de terra. Nestas zonas constatase unha maior diversidade cronolóxica e tipolóxica dos materiais. Porén, hai que dicir que a asociación de materiais que se dá neste punto mostra un conxunto totalmente alterado que se explicará cando se analice o conxunto material.

Conxunto de materiais na beira do río Sar PU080107H02 – CM080107H01

Este conxunto de material rexistrase nunha das terrazas do río. Trátase de 12 fragmentos cerámicos, dez de eles son ímbrices de diferente factura, un fragmento de cerámica galega tradicional, que se ubicaría entre os séculos XVIII-XX. Xunto a esta selección de material aparecen asociados plásticos, vidros, porcelanas contemporáneas, etc., (figura 5).

O material que máis abunda é a tella. Rexistráronse varios tipos de ímbrices. O primeiro tipo de

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

ímbrice á aquel que presenta pastas de cor vermella homoxénea, con inclusións correctoras de gran medio, en proporción abundante de orixe granítica. Presenta unha fractura irregular, pero a secuenza cromática da sección é homoxénea. Presenta alisado tanto na parte interior como na exterior. A cocción é oxidante.

Outro tipo é o ímbrice de cor vermella clara. Destaca a presenza, sobre todo, de inclusións correctoras moi grosas, en proporción abundante, de orixe granítica. Presenta fractura irregular e a secuenza cromática da sección é de cor vermella clara. Presenta as arestas moi redondeadas. A cocción é oxidante.

Un terceiro grupo o forma un fragmento de ímbrice de pastas de cor rosada moi clara. Presenta inclusións correctoras de gran groso de orixe granítica. A fractura é regular, a secuenza cromática da sección da peza é homoxénea, de cor rosada clara. A cocción é oxidante.

Hai un fragmento de arranque de fondo no que aparecen unha serie de estrías paralelas e regulares. A pasta é de cor clara na parede superficial do cacharro e presenta vidrado de cor verde na parte interior do cacharro. Presenta fractura irregular, aprécianse inclusións correctoras de gran medio en proporción moi abundante, destaca a presenza dispersa de pequenos grans de chamota dentro da pasta; as inclusións son de orixe granítico. A secuenza cromática da sección é clara na parte superficial da peza, rosada no interior e vidrado de cor verde no interior. No exterior presenta alisado moi basto e, no interior, vidrado. Está realizado en torno alto. Desde un punto de vista cronotipolóxico non se pode precisar a súa orixe, aínda que as pastas son similares ás de Buño. Poderíase relacionar cunha cronoloxía entre os séculos XVII-XX (segundo García Alén os vidrados de cor verde introdúcense a principios de século XX).

Outro fragmento de pasta vidrada corresponde a un fragmento de panza. Presenta una pasta de cor vermella, de gran fino, con inclusións correctoras de orixe granítica de gran fino. Presenta fractura regular. O acabado está realizado aplicando un vidrado interior e outro exterior. A cocción é oxidante. Debido a que só temos un fragmento de panza só podemos inferir a súa adscrición cronolóxica, pola súa factura, en época contemporánea. Tanto a súa factura como o tipo de pasta difiren un pouco dos da olería tradicional..

Conxunto de materiais de O Forte, PU080107H03 – CM080107H02

Este conxunto recolleuse nos niveis de recheo da entrada da canle de derivación de auga para o regadío da parcela denominada *O Forte*. Recolléronse aqueles fragmentos que parecían máis significativos.

Rexístrase un fragmento de asa, posiblemente pertencente a unha *pota tipo Buño con tamaño de cuartillera*. Este tipo de pota non se realiza a molde. Leva una decoración coñecida como *decoración de picadillo* que consiste nunha especie de escobillado oblicuo na metade superior do cacharro. O fragmento que rexistramos consiste nunha das súas asas, colocada na zona do cacharro de forma paralela ó labio. O labio é coñecido como *borde recto de can* e o arranque da panza na que se aprecia o tipo de decoración *de picadillo*. As pastas son de cor rosada, con inclusións redutoras de orixe granítica, de gran medio en proporción abundante. Presenta fractura irregular. O acabado defínese como un vidrado no interior da peza e alisado con escobillado no exterior da peza. Segundo García Alén, este tipo de cacharro nas súas formas máis pequenas empregábase para o caldo, para facer *as papas* ou ferver auga, substituíndo ós *potes de ferro*. Outro uso sería cocer as castañas con anises, eran as chamadas *castañas de pota*. A súa adscrición cronolóxica ubícase, moi probablemente, na segunda metade do século XX, chegando ata a actualidade.

Outro fragmento deste conxunto constitúeo un fragmento de ombreiro co inicio dun arranque de colo. As pastas son de cor vermella con presenza de inclusións correctoras de gran fino de tipo granítico.

Neste conxunto rexistrouse un tipo de ímbrice que pódese considerar “antigo” pola súa factura moi basta. Presenta unha coloración marrón clara. Ten inclusións correctoras de orixe cuarcítica de gran groso en proporción moi abundante. Destaca a presenza de chamotas no interior da pasta. A fractura é irregular e a cocción oxidante (figura 6).

Conxunto de materiais de Brañas de Sar, PU080109H02 – CM080109H01

O conxunto é moi similar ó que se atopa nas terrazas do río, aínda que nesta zona si que hai unha maior diversidade cronolóxica. Xunto a cerámicas de Buño, atopámonos con cerámicas baixomedievais e modernas, aínda que a proporción deste tipo de cerámica é baixa en relación á cerámica contemporánea. O conxunto de materiais aparece xunto a outro tipo de materiais diversos relacionados co proceso de abandono desta zona.

Recuperáronse un total de 25 fragmentos cerámicos. Dentro da mostra caracterizáronse seis fragmentos de ímbrice de diferentes tipos de pasta e coloración, sendo todos de cocción oxidante. Polo que se refire ó resto do material, está representado por fragmentos de cerámica común e de luxo do século XV, e un fragmento de estuco. O fragmento de estuco caracterízase por ter unha coloración clara, con inclusións correctoras de gran groso, de orixe granítica, presentando fractura irregular. A cara visible está alisada e presenta restos de pintura laranxa. Dentro da mostra hai sete fragmentos que se relacionan claramente coa tradición oleira de Buño. En todos os casos a pasta caracterízase por presentar unha cor rosada, con inclusións correctoras de gran medio en proporción moi abundante de orixe granítico; destaca a proporción do seixo. Hai que destacar que todos os fragmentos presentan vidrado na parte interior e o bordo é alisado na exterior. Os vidrados son de cor verde e marrón polo que, segundo García Alén, hai que situar este pequeno conxunto no século XX.

Entre todo o conxunto da mostra recollida en Brañas de Sar hai unha peza máis antiga que as an-

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

teriores. Trátase dun fragmento de ombreiro e arranque de colo. Caracterízase por ter unha factura moi basta, cun alto compoñente micáceo. As inclusións correctoras son de orixe granítica, a fractura é moi irregular, as pastas son moi brandas, presenta un alisado interior e exterior moi basto. Correspóndese cun cacharro de perfil en "S". A cronoloxía é indeterminada dado tanto o tipo de pasta como a pouca información formal que nos dá o fragmento, aínda que pola súa forma e composición podería ser anterior ó século XV.

Asemade destaca un conxunto de cerámicas esmaltadas en branco e azul cobalto. Sen dúbida estes fragmentos fálannos da chegada, en épocas recentes, de cerámicas de importación de diferentes áreas. A partir do século XVIII experiméntase a chegada de comerciantes cataláns a Galicia que van traer consigo materiais provintes de Portugal, Andalucía e Cataluña (figura 7).

Conxunto de materiais de Joba, PU080215H02 - CM080215H01

O conxunto rexistrouse na parte SW do Multiusos do Sar, nunha zona denominada Joba, ó E dunha pista de obra. O conxunto sitúase preto da beira W do río Sar e preto dun pequeno núcleo de poboación recente, xa que a cartografía de 1909 non mostra ningún núcleo nesta zona, sendo a estrutura arquitectónica máis antiga a ponte que definimos como Ponte das Brañas de Sar PU080215H03.

Este conxunto está formado por cincuenta e seis fragmentos de factura e cronoloxía heteroxénea que vai dende o século XIV ata o século XX. Destaca a elevada presenza porcentual na mostra de material baixomedieval. Así, rexistráronse vintecatro fragmentos de cerámicas grises. As cerámicas grises definen un tipo de factura cerámica que aparece nos séculos XI-XIII con forte implantación nas etapas seguintes. As pastas presentan un grosor escaso exceptuando un fragmento de panza con arranque de pescozo dun cacharro con perfil en "S" que se caracteriza por ter inclusións correctoras de gran groso en proporción abundante e tamaño heteroxéneo, con presenza de seixos de gran tamaño. Ten un alisado basto tanto no interior da pasta como no exterior, está realizado a torno e presenta cocción redutora. Formalmente é probable que se relacione coa forma 1 denominada como *pota de bordo horizontal* cóncavo. Outro fragmento de bordo está representado por unha cerámica gris que se define como *pota de bordo pestana,* documentada entre os séculos XV-XVI. Presenta alisado basto tanto no interior como no exterior do cacharro e a súa cocción é redutora. Outro fragmento de bordo está representado por un fragmento de *xerra de bordo pestana*. A cocción é redutora. Desde o punto de vista cronolóxico sitúase entre os séculos XV-XVI. Outro fragmento de bordo, de pastas similares, aparece neste conxunto. Presenta un beizo plano, con perfil en "S" e o pescozo estrangulado. As pastas e o acabado son iguais ós anteriores fragmentos descritos, polo que cronoloxicamente sitúase entre os séculos XV e XVI. Neste conxunto hai que incluír un asa con decoración na parte superior da mesma a base de impresións circulares situadas de forma irregular. Probablemente trátase do ombreiro do cacharro do que arrinca o asa. Presenta pastas con inclusións correctoras de gran fino/medio de orixe granítica en proporción abundante. A fractura é irregular. A pasta é de cor negra no exterior. Presenta marcas de torno no interior do cacharro e ten un acabado a base dun alisado no interior e no exterior do cacharro. Tipoloxicamente pódese situar entre os séculos XV e XVI. Con este mesmo tipo de pasta recolleuse un fragmento dunha tapa. Presenta inclusións correctoras de gran medio/fino en proporción abundante. Presenta fractura regular, pastas de cor grisácea no exterior. Ten alisado basto no interior e no exterior da pasta. Situaríase entre os séculos XV e XVI.

No conxunto hai tres fragmentos de ombreiro con perfís en "S" moi marcados. Presentan inclusións correctoras de orixe granítico, de gran fino, moi ben decantados. Presentan unha fractura regular, as pastas son de cor gris. Están realizados a torno, presentan alisado basto e sitúanse cronoloxicamente entre os séculos XV e XVII. Con este tipo de pasta relaciónase outro conxunto de 16 fragmentos cerámicos de panza de cronoloxía entre os séculos XV e XVII. Tamén recolléronse un par de asas que poderíamos situar dentro da cerámica común de pastas vermellas. Presenta inclusións correctoras de orixe granítica de gran fino, e a fractura é regular. Presentan un acabado a base dun alisado basto. Está cocida en atmosfera redutora. Cronoloxicamente sitúanse entre os séculos XVI-XVII.

Destacan dous fragmentos de anforeta. O primeiro deles é un bordo engrosado plano cunha liña incisa na parte posterior do beizo. Presenta pastas de cor amarela pálida con inclusións correctoras de gran medio e tamaño homoxéneo a base de feldespatos, micas e abundantes chamotas. A súa cronoloxía situaríase entre o século XVI-XVIII. Outro fragmento de anforeta está representado por un fragmento de panza de fractura irregular, con inclusións correctoras de gran medio/fino. Presenta pastas de cor rosada no interior e cor grisácea no exterior. Presenta un alisado basto no exterior, está realizado a torno e presenta unha cocción mixta.

Rexístranse, dentro deste conxunto, catro fragmentos de cerámicas esmaltadas cunha base de cor branca e biseis marcando as diferentes partes do cacharro que se relacionan con producións sevillanas de dos séculos XIV e XV. Presentan pastas de cor amarela clara, con liñas concéntricas de cor azul marcando as diferentes partes do cacharro. Entre as arestas destácanse motivos xeométricos.

Finalmente, pódese relacionar coa cerámica de Buño un conxunto de 8 fragmentos. Este tipo de cerámica xa está definida na descrición dos anteriores conxuntos (figura 8).

Entidades etnográficas

Agrúpanse as diversas entidades de carácter etnográfico documentadas en subconxuntos, deseñados *ad hoc* para unha maior claridade expositiva.

Estes subconxuntos obedecerían ás distintas funcións que as clases de entidades documentadas

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

terían xogado na configuración deste espazo agrario particular. Esta mesma clasificación é a que organiza o catálogo que se adxunta co presente texto. Nas figuras que acompañan á descrición sinálanse as entidades ás que se fai referencia en cada apartado, en cor amarela, e en azul as entidades do contorno inmediato.

Así, distinguimos:

Áreas de actividade: entendendo por tal aqueles elementos concibidos para levar a cabo algún tipo de actividade relacionada coa vida económica e cotiá da comunidade, como muíños, lavadoiros ou fontes.

Xestión da auga: neste caso referímonos a aquelas entidades orientadas a xestionar os recursos hídricos, como poden ser as canles, ceñas ou os muros de contención do río.

Espazo agrario: neste subconxunto entrarían tanto aquelas entidades que constitúen por si mesmas ese espazo agrario (bancais e terrazas de cultivo) como aquelas outras relacionadas coa adxectivación dese espazo (hórreos, marcos de leiras, etc.).

Construcións para o tránsito: por último, agruparíanse baixo este epígrafe aquelas entidades cuxa función sería facilitar o tránsito intrazonal, como poden ser os camiños, pasais, pontellas e pontes.

Áreas de actividade

Muíño de Miguel, PU080108H01

O muíño-vivenda ocupa unha superficie de 10.000 metros cadrados dos cales o muíño ocupa 26 metros cadrados. Está situado no tramo final de Brañas de Sar. Nútrese dunha canle de auga que pasa primeiro polo Muíño do Vilar. Descoñecemos onde se sitúa o muíño no conxunto de todas as construcións asociadas á vivenda aínda que, seguindo a canle de aprovisionamento de auga, posiblemente estea nunha estancia situada no lateral S. Por estar esta zona cuberta de vexetación tamén descoñecemos se se trata dun muíño de cubo ou de canle (figura 9).

Muíño de Vilar, PU080109H01

Mide 15 m de longo por 3,50 m de ancho e ten unha altura máxima de 4,50 m. É un muíño de cubo de planta rectangular, construído con bloques de anfibolita e con pedra de granito nos esquinais e reforzando os vans. Está en parte desmantelado. A boca do inferno sitúase na parte S. Conserva unha bufarda de tipo horizontal de ventilación, encima da boca do inferno. No lado S-SW distínguense unha serie de valos con algunha pontella para permitir o tránsito nesta zona facilmente inundable. Hai unha canle en dirección S cara ó muíño definido anteriormente pero debido á abundante vexetación non se puideron definir máis estruturas asociadas. A canle que fornece ó muíño parece arrincar da zona do río onde se sitúa a Pontella 1 de Brañas de Sar (PU080107H01), (figura 10).

Muíño I de Os Lavadoiros, PU080114H02

Mide 5,29 m no eixo NE-SW, 3,75 m no eixo NW-SE e ocupa unha superficie de 23,99 metros cadrados. Encostado a unha vivenda, o seu acceso realízase por esta. Caracterízase por ter dúas entradas e dúas saídas de auga, orientadas estas últimas ó S. Encima de cada boca do inferno hai unha fiestra. A boca do inferno da parte W está taponada e é usada na actualidade como almacén de leña. Parece que conserva a maquinaria tanto de rotación como de trituración. O material construtivo son grandes bloques de anfibolita nos esquinais e cachotería no resto da parede. Tanto no lintel como nas portas utilízase granito. O teito é a dúas augas: conserva os topetes de laxes de anfibolitas sobre os que se colocou fibrocemento gris, cuberto, á súa vez, con tella do país. A auga que sae pola boca do inferno deriva parte a outra canle que fornece de auga a un segundo muíño (PU080114H03) e parte aprovéitase para a rega dos prados da contorna. A súa construción xa aparece constatada na cartografía histórica de 1907 (figura 11).

Muíño II de Os Lavadoiros, PU080114H03

Mide 5,45 m no eixo NW-SE, 7,08 m no eixo NE-SW e ocupa unha superficie de 32,78 metros cadrados. Presenta dúas entradas de auga. A zona de entrada de auga ó muíño está cuberta por dous grandes laxes de granito que permite o acceso ás terras de labor e á estrada que comunica coas casas. É medianeiro coa parede penal da vivenda e a entrada de auga sitúase no lado N, e a saída no lado S. É de planta rectangular e nas esquinas presenta grandes bloques de granito, mentres que as paredes están fabricadas con cachotería de anfibolita. No lenzo da parede apréciase que o muíño sufriu unha ampliación en altura. Presenta un lintel entre as dúas bocas do inferno no que se observa unha moldura que non se puido definir debido a que estaba cuberta por maleza. Parece que non hai ningún tipo de maquinaria de rotación e descoñécese se conserva a maquinaría interior. A súa construción xa aparece constatada na cartografía histórica de 1907 (figura 12).

Muíño do Morico ou Casa do Martillo, PU080115H01

Muíño que mide 8,30 m de longo no lado E, 17 m de longo e 6,50 m de ancho no lado W. Cara a el esténdese unha canle que penetra polo lado E a través de dúas entradas. Hai unha porta que mide 1,20 m de ancho. Unha das tres bocas do inferno mide 1,43 m. A balsa da canle mide 4,50 m de ancho máximo. No seu tramo final, o muíño se ampla dando lugar a unha especie de balsa. Desta balsa tería tres saídas de auga en forma de embude e de sección cuadrangular cara a tres bocas do inferno, do que se deduce que, no seu día, tivo tres pedras de moer. Na actualidade esta balsa aparece modificada e reducida abarcando dúas das tres entradas de auga. É de planta rectangular e está encostado a unha vivenda e unha fábrica. No seu interior non se conservan as divisións entre o piso superior e o inferior e, en xeral, atópase en estado moi ruinoso. De todos

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

os xeitos consérvanse pezas diversas dos mecanismos. Cada unha das pedras de moer correspóndese cunha alacena e coa súa fiestra (figura 13).

Muíño da Nacha, PU080130H04

Ocupa unha superficie de 170 metros cadrados aproximadamente. Trátase dunha vivenda-muíño que deixou de funcionar como muíño fai 60 anos aproximadamente. Posiblemente fose un muíño de canle que desembocaría en Ponte do Sar. Na actualidade e desde o exterior non se aprecia ningunha estrutura que se poida vincular co antigo muíño (figura 14).

Lavadoiro do canle dos Lavadoiros, PU080114H01

Trátase dun lavadoiro disposto sobre o mesmo canle de derivación de auga (PU080228H02). O lavadoiro está composto por varias laxes de pedra de anfibolita, dispostas de forma inclinada e situadas na parte dereita da canle, augas abaixo. A 12 m de esta estrutura ó S atópase o muíño I de Os Lavadoiros (PU0801114H02), (figura 15).

Lavadoiro de Picaños, PU080220H03

Ten un diámetro de 2 m. Está situado a media ladeira, con planta heptagonal. Está fabricado con laxas de granito e anfibolita. Ten oito zonas de lavado independentes entre si, así como unha canle que recolle a auga dunha pía emprazada nun lousado ó que chegan unhas escaleiras de granito da parte alta. O espazo está delimitado por un muro de granito. Na parte W do muro está realizado con pedras de menor tamaño de forma rectangular. Hai unha saída no lado NW (figura 16).

Fonte dos Capitáns, PU080130H03

A construción orixinal da fonte estaba situada na parte S dos terreos ocupados pola estación do ferrocarril, en dirección á estrada de A Coruña. Foi neste momento cando se desmantelou esta fonte, ainda que a súa auga quedou canalizada por un cano. Na actualidade ese cano é de PVC, e a súa auga segue sendo aproveitada pola xente do lugar. Orixinariamente a fonte estaba arrodeada por un souto e unha fraga xa que tanto castiñeiros como carballos foron moi abundantes nesta zona.

Contan que na Guerra da Independencia, no 1808, as tropas de Napoleón estaban acuarteladas na Colexiata do Sar, e saian a facer as súas correrías pola veciñanza. Facían un descanso fronte á fonte, e, namentres a tropa bebía nela, desaparecía o capitán que a mandaba. Isto ocorreu en varias ocasións. As desaparicións eran debidas a que os guerrilleiros emboscados no souto e fraga secuestraban ós mandos que se acercaban a fonte e aí o seu topónimo (figura 17).

Xestión da auga

Canle de auga do Forte PU080130H02

A canle mide 0,70 m de ancho na boca por 9,80 m de lonxitude. Trátase dun conxunto de estruturas que forman parte dunha presa e unha canle que permitiría o rego das parcelas de O Forte. A presa facilitaría o desvío do cauce do río cara a canle. Esta canle ten forma de embudo, máis ancho na boca, para recoller a auga do río e se vai estreitando a medida que se adentra en la parcela para así regarla polo sistema de inundación (figura 18).

Canle de auga de Os Lavadoiros PU080114H01

Trátase dunha canle escavada na terra e de sección cuadrangular que surte de auga aos muíños I e II dos Lavadoiros así como tamen a súa auga e a propia canle é aproveitada para establecel nel un lavadoiro. No lado dereito, augas abaixo é un espazo de cultivo adicado a horta e no lado esquerdo, decorre un camiño de terra que permite o acceso aos muiños e as terras de labor.da contorna (figura 19).

Canle de auga I, PU080228H02

Canle de 464 m de lonxitude e 1 m de anchura aproximadamente. Parte da zona do Multiusos do Sar, pero na súa orixe tomaba a auga da zona N das Brañas. Vai en paralelo ó río, a unha distancia aproximada de 40 m cara ó SE. Esta canle vai escavado na terra e unicamente vese reforzado nos seus laterais con laxes de pedra de anfibolitas cando se achega ós muíños. De feito, esta canle fornecería de auga a cinco muíños, un deles actualmente desaparecido. Tamén permite a rega ós prados circundantes a través de sucos de derivación de auga. Ó longo desta canle tamén se documentaron outras estruturas asociadas como pasais que permiten o paso entre as leiras e a un lavadoiro (PU080114H01), (figura 20).

Canle de auga II, PU080228H03

A canle mide 530 m de longo, cunha anchura de 1 m aproximadamente. Parte do río Sar, na zona de Cruceiro de Picaños, discorre de formas máis ou menos paralela ó río e desemboca nel preto de Ponte Pedriña. Esta canle está escavada na terra e puntualmente, cando se aproxima ós muíños, parece canalizarse mediante laxas de xisto. De feito, esta canle fornece de auga a dous muíños (Muíño de Vilar e Muíño de Miguel) e, a partir del, parten sucos que canalizan a auga para posibilitar a rega ós prados da contorna. Vinculados a esta canle documentáronse varios pasais para permitir o acceso a un e a outro lado do mesmo (figura 21).

Canle de auga III, PU080305H01

Trátase dunha canalización de auga que parte da represa ou ceña das Brañas de Sar PU080130H01 e que facilitaría a o rego ós prados da contorna. Está construída a base de pedras escadradas e cachote-

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

ría de anfibolita e granito bastante desmantelada en certos tramos(figura 22).

Represa ou ceña de Brañas de Sar, PU080130H01

A presa mide 6,40 m de longo por 8,90 m de ancho. A canle de entrada de auga, hoxe desmantelada, consta de varios bloques de pedra de granito de 2,10 m de longo por 0,25 m de ancho (dereita augas abaixo) e 1,30 m de longo por 0,25 m de ancho (esquerda augas abaixo). Entre estas hai dúas pedras de granito cuadrangulares que presentan rebaixes para poder pór entre eles un sistema de comportas e son de 0,70 m por 0,60 m. A canle de desaugadoiro ten 1,10 m de longo por 0,40 m de ancho. O muro de contención situado á dereita augas abaixo mide 5,40 m de longo por 0,30 m de ancho, e ten unha altura de 0,75 m. A presa está situada no tramo final do río da zona de brañas de Sar interposta no medio do río para desviar parte da auga para permitir a rega dos prados. Está construída asentando grandes pezas de granito de forma transversal ó río, deixando unha canle de entrada cunhas comportas; na actualidade esta canle está desmantelada. Destaca unha única canle de saída da auga. Todo este tramo de presa estivo lousado en cachotería de anfibolitas dispostas de forma horizontal e sen argamasa entre elas. Este lousado ten unha lixeira inclinación na súa fronte, a modo de rampla para facilitar o desborde pola superficie, sen alterar a construción (figura 23).

Muro de contención de río I, PU080107H02

Muro de 6 m de longo por 0,40 m de ancho, na marxe dereita do río Sar. Sitúase no arranque dun meandro co fin de evitar a erosión do terreo nesta parte do río. Está construído a base de cachotería de anfibolita careados cara ó río e dispostos en sentido horizontal. Actualmente consérvase a parte inferior do muro (figura 24).

Muro de contención de río II, PU080107H06

O muro ten 8,80 m de longo. O ancho é de aproximadamente 0,15 m. A altura do muro varía entre os 0,55 m e 0,51 m. A lonxitude das pedras varía entre 0,50 m e 0,60 m no lado N e 0,25 m no lado S. Está formado por laxas de anfibolitas fincadas no chan de arxila e seguindo a marxe do río. Na beira contraria rexístrase outro tramo de muro de similares características aínda que de menor tamaño (figura 25).

Muro de contención de río III, PU080109H03

Mide 7 m de longo e 0,40 m de ancho aproximadamente. Situado na marxe esquerda augas abaixo do río Sar, no lado E da colexiata. Está composto por bloques de granito e anfibolita e ten unha orientación N-S desmantelado na súa maior parte (figura 26).

Muro de contención de río IV, PU080220H01

Mide 8 m de longo na beira dereita augas abaixo e 0,60 m de ancho. Sitúase na beira dereita augas abaixo. Está practicamente desmantelado. Na metade do tramo conservado destácase unha saída de auga de sección cuadrangular. As pedras de construción son rectangulares e ben careadas. Na beira oposta hai outro tramo de muro de similares características pero en peor estado de conservación. Sitúase a uns 50 m en dirección S da ponte II de Sar (figura 27).

Espazo agrario

Terraza de A Revolta de Abaixo - Goiáns de Abaixo, PU080220H02

O noiro mide 230 m de lonxitude, medindo o muro de contención 6 m de lonxitude e 1,50 m de altura. Está construído a base de pedra, cachotería de anfibolita, con tramos de terra e pedra. Está situada na parte N de Brañas de Sar, en paralelo ó río Sar. Abarca varias parcelas que dividen o terreo de forma transversal. As parcelas localizadas desta zona presentan una intensa actividade agrícola, predominando as áreas de prado por tratarse da zona de maior humidade, cultivos de millo, hortícolas e na parte inferior S deste aterrazamento destacan as plantacións forestais (figura 28).

Terraza de Picaños, PU080229H01

O noiro da terraza mide 110 m de longo por 2 m de alto. Está situada no SE das Brañas de Sar. Esta terraza disponse de forma paralela ó camiño do Fondo da Braña cunha orientación NE-SW. Presenta un muro de contención feito con pedras de cantería e máis cachotería de anfibolita en todo o seu percorrido. A parte inferior desta terraza esta dedicada a pasto e a parte superior está abandonada, a monte baixo con árbores prantados no seu noiro (figura 29).

Marco I de A Revolta de Abaixo, PU080320H02

Trátase dun marco realizado en pedra de granito que funciona de linde entre as parcelas de A Revolta de Abaixo e Goián de Abaixo. Está situado na marxe SE da parcela en contacto coa estrada que comunica o Multiusos de Sar con Pontes do Sar (figura 30).

Marco II de A Revolta de Abaixo, PU080320H02

Trátase dun marco que funciona como linde entre parcelas, realizado en pedra de granito. Fixa o linde entre as parcelas de A Revolta de Abaixo e Agro das Cerqueiras, e está situado na marxe NE da finca, moi próximo á estrada que comunica o Multiusos de Sar con Pontes do Sar (figura 31).

Hórreo de Os Lavadoiros, PU080114H04

O hórreo ten 4,67 m de longo por 2,46 m de ancho e unha altura de 3 m aproximadamente. De planta rectangular realizado con materiais construtivos contemporáneos, de ladrillo e cemento. A parte

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

inferior, o celeiro, está pechada e é utilizada como galiñeiro. A porta de acceso á cámara sitúase na parede penal S e é de aluminio. O teito é a dúas augas con tella curva do país. Como remates decorativos, no lado S ten unha cruz de sección cuadrangular e presenta un pináculo de sección cuadrangular orientado ó N (figura 32).

Construcións para o tránsito

Pontella I de Brañas de Sar, PU080107H01

Pontella, de 4,45 m por 1,60 m de ancho, tendida sobre o río Sar, actualmente caída no seu lado E debido á actividade erosiva do río. A parte superior é de formigón. Está apoiada sobre pezas rectangulares de cantería de granito apoiadas, á súa vez, sobre unha base feita de cachotería de anfibolitas (figura 33).

Pontella II de Brañas de Sar, PU080107H04

Pontella de 6,20 no eixo N-S, 3,70 m no eixo E-W e 0,60 m de altura desde os alicerces. O firme é de formigón. Foi construída, segundo entrevista etnográfica, fai uns 30 anos (figura 34).

Pontella III de Brañas de Sar, PU080107H05

Pontella de 3,29 m de ancho por 7,04 m de longo. O firme é de formigón. Na beira W, no arranque da pontella, presenta unha base de anfibolitas moi ben careadas. No lado E está apoiada sobre tres postes cilíndricos de madeira (figura 35).

Ponte do Sar, PU080220H04

A ponte mide 22 m de longo por 3,50 m de ancho, e ten unha altura aproximada de 5 m no seu punto máis alto. Atravesa o río Sar na zona chamada rúa de Ponte do Sar, realizado enteiramente en cantería de granito. Esta ponte está vinculado á calzada de Sar (PU000803S01). Trátase dun elemento importante de valor construtivo e histórico estreitamente vinculado ó desenvolvemento de Santiago, tanto como acceso desde Castela, Ourense e a terra do Ulla, como polo seu carácter de camiño de peregrinación. Este elemento atópase na listaxe de elementos construtivos do Plan Especial de Protección e Rehabilitación dá Cidade Histórica de Santiago de Compostela (p. 104). Presenta tres vans de medio punto, o do centro de maior altura que os dos lados, e calzada en ángulo. A ambos os dous lados da calzada ten peitorís con buratos de desaugadoiro na base dos mesmos. Augas arriba ten dous tallamares de sección triangular. Na zona W da estrutura, a ambos os dous lados da ponte, hai dúas escalinatas que permiten o acceso a esa parte do río. A 50 m da ponte augas arriba hai un vao ou porto polo que antigamente pasaban os carros con mercancías (figura 36).

Ponte de Brañas de Sar, PU080215H03

A ponte mide 9,42 m de longo por 2,75 m de ancho, sendo o ancho da antiga plataforma de 1,20 m, e ten unha altura de 1,48 m. A altura da base dos mesmos é de 0,12 m. Trátase dunha ponte alintelada que atravesa o Sar na zona denominada Camiño da Ponte, construído con pedras escadradas e cachotería de anfibolitas e granito. Consta de catro alicerces de base rectangular asentados sobre cachotería de anfibolitas para nivelar o terreo do leito do río. Os alicerces miden 1,40 m de longo, 0,58 m de ancho e teñen unha altura de 1,07 m. Sobre este leito sitúase unha base de laxas, de planta rectangular, sobre a que se asentan pedras escuadradas de granito que, pola forma que adquiren augas arriba, parece que antigamente tiñan tallamares. Sobre estas bases colócase a plataforma formada por grandes laxas, tamén de granito, de modo transversal ós alicerces en parellas, o que permitía (debido á súa anchura) só o paso de persoas e animais. Fai 40 anos a superficie da ponte foi ampliada e, polo tanto, tamén as súas bases. No alicerce máis ó SE unha peza escadrada de granito en cuxa cara W obsérvase un gravado composto por tres círculos concéntricos, sendo o máis posible que esta peza estea descontextualizada do seu lugar orixinal. A peza de granito na que se observa o gravado, que mide 77 cm de longo, 42 cm de ancho e ten unha altura de 40 cm. O gravado mide 34 cm no eixo N-S e 33 cm no eixo E-W. 5 m augas arriba da ponte hai un vao natural ou porto polo que pasaban os carros. Estes portos facíanse nos ríos con pouca profundidade, pondo pedras no seu fondo (figura 37).

Pasal I, PU080228H04

Mide 1,45 m de longo por 2,80 m de ancho. Cada unha das laxes que forman a estrutura mide aproximadamente 1,10 m de ancho. Pasa sobre a canle (PU080228H03) xa no seu último tramo, cando esta desemboca no río Sar, próximo á presa PU080130H01. Consta de tres laxes de pedra, a central de granito e as laterais de anfibolita, asentadas sobre unhas pezas alargadas, tamén de anfibolita. Á súa vez, estas están asentadas sobre cachotería para nivelar o terreo e favorecer a maior fixación desta estrutura de paso (figura 38).

Pasal II, PU080219H01

A estrutura mide 1,40 m de longo por 0,48 m de ancho e ten unha altura de 0,15 m. Está formada por unha gran laxa de granito situada sobre a canle de auga que fornece ós muíños de Pontes de Sar (figura 39).

Camiño do Muíño, PU080228H05

Camiño de 210 m de longo. A caixa ten 2 m de ancho na parte que se atopa cementada e 1,50 m na parte que se corresponde co camiño de terra. Discorre desde a zona de Santas Mariñas, no alto, ata o Muíño de Miguel, no fondo do val. No seu segundo tramo aínda se distinguen as rodeiras deixadas polo paso continuado de carros e animais (figura 40).

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

Camiño do Fondo da Braña, PU080228H06

O camiño de 900 m de lonxitude, que comunica a zona de Carreiro de Picaños con Ponte Pedriña e que discorre ó longo das Brañas de Sar, cunha orientación NE-SW. Os primeiros 220 m están en parte asfaltados e en parte formigonados. A partir de aí faise de terra. Transcorridos uns 250 m hai unha bifurcación cara ó W que se dirixe cara ó Muíño de Vilar (PU080109H01). Transcorridos uns 110 m deste camiño hai outra bifurcación tamén á dereita cara a Muíño de Miguel (PU080108H01). A partir deste punto e cara a Ponte Pedriña este camiño aparece empedrado con laxas de anfibolita sobre un aterrazamento. Este camiño transcorre case pola zona máis deprimida das Brañas, de aí o seu topónimo Camiño do Fondo da Braña (figura 41).

Camiño dos Capitáns, PU080228H07

Camiño de 100 m, que atravesa de forma transversal as brañas e vai ata a chamada Fonte dos Capitáns. Este camiño está documentado desde a Pontella (PU080107H05) ata o lugar da fonte ((figura 42).

Camiño do Muíño de Morico, PU080115H01

O camiño mide 30 m en dirección NE-SW e 2.25 m de ancho. O empedrado foi realizado a base de anfibolitas, arrincando desde o Muíño de Nacha ata o Muíño de Morico. As pedras do camiño están redondeadas debido á erosión, tendo sido alteradas polo uso de maquinaria. Un veciño de Pontes do Sar informounos que o denominado Muíño do Morico antigamente chamouse Casa do Martelo, porque alí había un mazo onde se mazaban as pezas de coiro antes de ser utlizadas para a elaboración do calzado, de feito, como mencionaremos máis adiante, nas proximidades hai varias fábricas de curtidos que tiveron gran relevacia dentro da economía industrial de Compostela[3]. Os carros de bois cargados coa mercancía atravesaban o Sar non pola ponte senón por un vao natural, poucos metros augas arriba, e atravesando a riveira uns metros antes de chegar ó muíño. Este camiño empedrado convértese nun camiño de terra e de acceso ás leiras a partir deste muíño (figura 43).

Referencias etnográficas

Neste apartado expoñemos referencias de antigas construcións existentes nas Brañas de Sar e que hoxe en día xa non existen. Estas referencias foron facilitadas pola xente que vive nas Brañas do Sar e que foron debidamente contrastadas con bibliografía e fotografía antiga do voo americano.

Muíño de Sar, PU080228H01

Trátase dun muíño hidráulico que estaría emprazado na marxe esquerda augas abaixo dunha canle de derivación de auga próximo ó Sar. Situado NNE das Brañas de Sar e se destruíu cando se construíu o Multiusos de Sar. Aparece na documentación antiga no mapa de 1907. Porén, na fotografía aérea de 1968 aparecen as ruínas do que é un edificio de planta rectangular. As Coordenadas UTM aproximadas serían as seguintes: X: 538.419 e Y: 4747388 (figura 44).

Fonte dos Capitáns, PU080130H03

Como xa se mencionou anteriormente, esta fonte estaba situada na parte S dos terreos ocupados pola estación do ferrocarril. Por entrevista etnográfica soubemos que na ampliación da estrada de A Coruña foi desmantelada, quedando unicamente un cano de PVC do que se seguen surtindo os veciños da zona. Este cano atópase desprazado uns metros mais ó NE do seu emprazamento orixinal. A calidade das súas augas é moi apreciada polos veciños. Mesmo a apreciación da súa auga aparece descrito nun parágrafo dun libro do S. XVII de Limón Montero:

> *"…Ay algunas aguas en dicho suelo, las quales hazen sobre sigraso, y en el suelo de su fuente aparece suco lento, y mantecoso, y de color palido, como de azufre; y el agua se representa del mismo color una de las quales esta de cerca de Ciudad de Santiago en un montecito a la parte del medio dia en una hermita que llaman Santa Marina cerca de la Iglesia de Sar priorato del Patriarca, y fue Iglesia de Templarios" (Limón 1697: 149).*

Tamén hai lendas vinculadas ó nome desta, asociadas á Guerra da Independencia, no 1808, cando as tropas de Napoleón estaban acuarteladas na Colexiata do Sar. A elas facemos referencia no apartado referido á análise da toponimia menor (figura 45).

Análise da toponimia menor

Tanto a toponimia como a microtoponimia considéranse como o expoñente da familiarización dos labregos co medio onde viven, testemuña dun coñecemento exhaustivo do espazo que resposta tanto a necesidades de tipo práctico como a un xeito de ordear e clasificar o seu mundo. Por iso, o seu estudo e rexistro é de grande interese xa que aporta numerosos e variados datos históricos, etnográficos, arqueolóxicos, xeográficos ou económicos. Pero, fundamentalmente, a perspectiva cultural destes topónimos é moi importante, xa que hai moitos elementos patrimoniais, tanto materiais como inmateriais, esquecidos ou ocultos e que, na maior parte das veces, tan só quedan no rexistro da memoria oral da xente.

A continuación detállanse os principais topónimos recollidos, acompañados do seu significado ori-

[3] Para máis información sobre o procesado do curtido tradicional das peles e a sua importacia en Compostela consultar Carmona Badía, X.; Fernández Vázquez, Mª. T. 2003. *A Compostela industrial. Historia e pegada das fábricas de coiros no concello de Santiago*. Ed. Consorcio de Santiago.

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

xinal e variantes máis frecuentes, destacando aquelas rexistradas na zona das Brañas de Sar (ver mapa 4 da cartografía).

Agra de Andújar

Agra. Extensión de terreo que pode estar cultivado ou ser susceptible de estalo. Conxunto destes terreos. Tamén é sinónimo de campo, considerado este no máis amplo sentido da palabra.

Andujar, pode facer referencia a un antroponimo correspondente co .

Agra da Fieira

Fitopónimo. Herbas moi longas que crecen nas beiras dos ríos.

Agro Grande / Agro darriba / Agro do Medio

Agro. Agrupación de parcelas abertas que soamente están pechadas en conxunto por medio dun valado exterior e que pertencen a diferentes donos.

O adxtectivo que lle sigue fai referencia ao tamaño da parcela e a sua situación co respecto a topografía do terreo.

Agro do Loureiro

Loureiro, do Lat. *Laurus nobilis*, fai referencia á abundancia desta árbore na parcela así denominada.

Agro das Cerqueiras

Cerqueira, do Lat. *quercum* encina, e da súa variante "*cerquvs*".

Brañas de Sar / Braña Grande / Camiño da Braña / Brañas da Fora / Brañón

Hidrónimo. Segundo Landín Carrasco provén da raíz céltica "*barc*" o "*brac*" e se refire a un terreo húmido ou encharcado. Pasto de verán. Terreo baixo e sempre inundado, no que nace auga. Auga parada. Brañal. Lameiro.

Segundo Ferreira (1988) ven da verea do Baixo Imperio, e ten unha connotación de camiño público principal, por onde circulaban os cabalos de postas del "cursus publicos " chamados "veredi" (p. 28).

Campiño

Lat. "*campus*" espazo extenso de terra chan de labor. Terreo extenso que está fora do poboado. Pastizal, pasto, terra de labradío que se deixa de traballar para dedicala a pasto do gando. É moi común a toponimia, maiormente menor, deste tipo: Campo, Campiña, Campelo, etc.

Fonte dos Capitáns / Capitáns

J. A. Tojo Ramallo (1998) recolle unha lenda que explica o porqué do nome da fonte, lenda que, á súa vez, esta recollida de D. Abel Fernández "As Fontes de Santiago de Compostela". Nela relatase una curiosa historia sobre a orixe de tal denominación. Di así:

> *"…Corría o ano 1808 alo polo mes de agosto ou setembre, cando a invasión dos Franceses (segun dian as xentes do lugar) que aló na colexiata de Sar tiñan o campamento as tropas de Napoleón, e cando salían de correríias e vixilancia pola aforas, parababan a beber nesa fonte que da auga tan fresquiña e sabrosa por bebedeira, e viñan o mando de un capitán, e estiveron bebendo os soldados e tomándose un descansiño, e non se diron conta hasta pasada unha hora moi longa, de que lle fantaba o capitán, buscaron nel e por máis que o chamaron, non foi posible atopalo. A tropa o cargo do sub-oficial máis vello voltaroon o campamento, e diron conta do feito (pero do Capitán nunca máis se supo, e douse por desaparecido).*
>
> *Aínda non pasara unha semana outra compañía de soldados do mesmo campamento, o mando de outro capitán, tamén parou a beber na fonte, que era dada o descanso, pois tiña o derredor unha carballeira na que se podía tumbar un a sombra, de esta vez tamén, non se sabe como, voltou a pasar o mesmo, pois desaparecera tamén o capitán.*
>
> *Escamados os mandos superiores, o día seguinte mandaron a outros soldados a facer a mesma operación e ir beber e descansar na fonte, pero... sin que estos o souberan mandaron outras dúas compañías detrás deles pois era moi sospeitoso a falta soamante dos capitáns cando ía a beber a tropa naquela fonte. E doulle resultado o des confiar pois cando as dúas compañías chegaron preto da fonte, viron como aló entre os carballos na parte máis tupida da carballeira un pequeno fato de homes que levaban metido ou envoloveito nun saco un bulto, que despois de darlles o alto e revisar a mercancía que o lombo levaban, (mentras os portadores fuxían, deixando o bulto no chan) viron que o que iba envolveito era o cadabre do terceiro capitán das tropas francesas.*
>
> *Desde aquel entón, aquela fonte que estaba na carballeira entre Sar e a hoxe estrada de Santiago-Orense, chamáronlle a Fonte dos Capitáns" (Tojo 1998: 230-231).*

Carreiro de Picaños, Picaños

Carreiro. Fai referencia a camiño. Do latín "*curretoria*" relativo a carro ou carreta. Comunmente denomínase carreiro ó camiño para o paso das persoas e animais. Trátase dunhas vías estreitas que tanto pasan polas herdades como soben ó monte (Bas 1984: 38).

Picaños. Derivaría de *picaña*, apeiro de labranza formada por un mango de pau con dous ou máis gallos de ferro, moi agudos que se eprega para sachar ou arrarcar o esterco (Leiro 1653, 2004). Ferramenta para cavar e labrar as terras duras.

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

Corgos / Corgo do Agro / Sua Fonte dos Corgos

Hidrónimo. Do latín "*corrugus*", acequia, canle de auga, poza, depresión con auga, etc.. Cor-/corrd- / crrn- "charca". Tamén denomínase corgo ó pozo de curtir o liño. Ou quizais de "*corrugun*", camiño entre montes.

Cortiña

Do latín "cortina", terreo xeralmente cercado e preto da casa que se dedica ó cultivo de hortalizas ou legumes,.. similar ao concepto de *horta*,. Fálanos de distintos tipos de leiras, a segunda de reducidas dimensións. Sinónimo de terras de calidade. Fincas de labradío non suxeitas a un sistema de obrigacións colectivas, sometidas a un réxime de cultivo intensivo das que se suprimiu o barbeito.

Catadoiro

Del lat. "captatorium", mirador, atalaia; a súa vez do verbo "*captare*", ver, mirar, examinar.

Cotadoiro de Arriba

Raíz prerromana "*cott*" que significa prominencia, outeiro que fai referencia a presenza dunha pequena altura rochosa.

Eira, Súa Eire

Lat. "area" e "era", área, superficie que orixinou en galego "eira" "eiral" ou "eiro".

Fieiteira de Arriba

Sitio poboado de fentos ou fieitas.

O Forte

Podería derivar de recinto fortificado.

Goiáns de Abaixo

Topónimo que termina en –an, ó igual que outros que acaban en –e e –iz, como por exemplo Gontán, Aián, Nande, Freituxe, Gundriz...Todos eles proceden do xenitivo que sinalaba a posesión sobre unha vila, como sería *Villa Gondani*, *Villa Nandi* o *Villa Astragis*. Para que estes topónimos se produzan é preciso que se utilice unha lingua declinada ou que cando menos conserve restos da declinación latina. É necesario que se conserve o xenitivo na fala común para que se produza ese modelo toponímico tan fructífero no NW peninsular, e obviamente é necesario que exista unha persoa que leve tal nome xermano. Estas características de antroponimia xermánica e lingua tardolatina con flexión correspóndense cos séculos V e VI, polo que o elemento designado polo topónimo terá unha cronoloxía análoga. (Rodríguez Fernández 1994, 180).

Destacar que o microtopónimo de *Goiáns de Arriba* atópase na ladeira de Monte Gaiás e polo tanto nunha cota superior. Un derivado pode ser o topónimo de *Gallas de Abaixo.*

Joba, Jollas

Posiblemente derivado, ou simplemente erroneamente rexistrado, do propio topónimo do monte Gaiás.

Podería tratarse dunha derivación da forma gola: é a voz latina gula "colo, garganta, "gorgomelo", de orixe expresiva coma "gurges", "tragadeiro" que no NW vese aplicado a engrovas polas que baixa auga coma o topónimo de Val de Jola.

Lavadoiros

Lavadoiro, lugar onde se lava. Construcións de carácter comunal que consisten en nacentes de auga continuos ou artificiais ós que se engaden algunhas obras para o seu aproveitamento. "Lavadoiro", grande pilón feito en pedra levando na parte superior do depósito lousas inclinadas ben pulidas para facilitar o lavado da roupa (Caamaño 1999: 105).

Mexegas, Mexega

Derivaría de "mexer", sacudir, remexer. Tamén pode derivar de moega, moxega, moexa. Chamase así á caixa de madeira aberta por riba, a xeito de pirámide truncada invertida; por baixo, o máis estreito, en embude que está aberto cando o muíño moe e nela, onde se bota o gran (Rivas 1997: 364).

Muíño de Vilas, Camiño do muíño

Procede do lat. Molo, *molere* que ten o valor de "esmiuzar co peso, triturar", onde o derivado *mola* "moa a que moe ou tritura", orixe directa da nosa *moa*, *mó*. No latín popular procurase a diferencia de matiz, asi *mola* "moa, pedra de moer" mentres que a forma molinus-a-um "o propio da mola" colle valor de "muíño", o conxunto que moe, incluída a casa (Rivas 1997: 31-32).

Muxicos

Lat. "*monachus*", monxe que deu en galego "*monxío*" o "*monxía*". Relacionado coa presencia na zona de monxes. Tamen podería derivar de chispa ou partícula con lume.

Pichaleiro

Pichel, xerra alta, ordinariamente de estaño de forma máis ancha pola base que pola boca que se utilizaba para quitar o viño dos toneis e servilo. Tamén podería derivar de *cichón*, *picho*, cano dunha fonte, *pichar* "verter auga por un cano" (Rivas 1997: 464).

Prados da Fonte

Fai referencia ó terreo no que crece herba, normalmente para pasto do gando ou para o forraxe. Prado, Pradeira, Prao, et., veñen do lat. *pratum*, pl. *prata* (Rivas 2000: 45).

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

Rebolta de Abaixo

Extensión de monte roturado. Segunda ou terceira sacha dun cultivo. Arrensa, renda, recava. Revoltiña: Terreo no que se cambia o cultivo. *Millo da revoltiza*: millo que constitúe a colleita do outono e se destina xeralmente ó gando. Segundo Ferreira Priegue (1988) os topónimos de Revolta ou Retorta, pódense referir ás curvas pronunciadas, cun empedrado máis coidadoso que o resto das calzadas. Nos ten por que ser necesariamente dunha calzada romana, pois incluso nos camiños actuais sóense empedrar ou reforzar con cascote estes tramos con tendencia a deformarse polas augas, o mesmo que as pendentes moi pronunciadas.

Tamén pode ter o significado de camiño retorto, de re-volta, curva ou volta nun río, camiño ou estrada.. Camiños que describen unha curva pronunciada, circunstancia viaria que orixina os nomes de lugar Revolta, a Revolta, Revoltas…

Sar

Hidrónimo "auga, río, lugares anegados". Segundo Murguía (1888) podería proceder da antiga lingua indoeuropea, da fala indíxena prerromana perdida coa romanización. Temos en Galicia exemplos de hidrónimos con esas raíces coma son os dos ríos Sor e Sarela. Lugares con abundancia de augas.

Senra, Agro da Serra, Camiño de Agro da Senra

Topónimo prerromano, probablemente céltico, "*senara*", campo que se labra por separado e que, en castelán deu *"senra"*, porción de terra de sementeira. Campo de propiedade comunal cultivado de cereais. Monte onde se pranta o centeo ou trigo durante un ou máis anos, e logo se deixa o monte a roza. Terra de monte baixo convertida en labradío, roturada e propia para o centeo. Terra de labor e prestación de traballo ó Señor. Propiedade comunal que non se pode dividir.

Tallo

Del lat. "tullius", cano, cascada. Asento de madeira para unha soa persoa.

Viso

Lat. "visus", altura de ampla visión. Terreo alto desde onde se divisa unha ampla extensión (Ledo 2004, 2070).

Tenencia de Velasco

Tenencia implica posesión, propiedade, acompañado dun antropónimo "Velasco".

Merece ser destacado o feito de que grande parte da microtoponimia recollida ofrécenos a idea dunha antiga paisaxe onde están presentes as formas de organización e aproveitamento agrario da zona. Atopámonos con termos que se refiren á natureza do terreo (os prados, corgos, campos, etc.), que aluden ó desenvolvemento de determinadas especies vexetais como as fieitas, loureiros ou cerqueiras, que son representativos dunha forma, duns cultivos, cos termos que aluden á presenza de cortiñas, agras, eiras, senras…, un tamaño, coma *Agro Grande,* e unha localización específica, coma *Goiáns de Abaixo*, etc. A maior parte dos termos descríbennos unha paisaxe onde a auga e os terreos encharcados son o elemento fundamental xunto coa arquitectura asóciase a ela, como os muíños, fontes ou lavadoiros,, pontes e pasais. En definitiva, é unha paisaxe onde predomina o uso e xestión da auga e onde o topónimo que a engloba, Brañas de Sar, resume todo o seu contido.

ESTRUTURAS E FORMAS DE ORGANIZACIÓN AGRARIA

Neste apartado faise unha análise das diferentes formas de organización e produción agraria, é dicir, das estruturas que conforman a paisaxe agraria, como son as terras dedicadas ó labradío, as hortas, o monte e, fundamentalmente, os prados, como forma de explotación fundamental na zona de Brañas de Sar, tendo en conta os usos do solo actuais. Posteriormente farase unha análise formal do parcelario. Faremos especial atención ós sistemas aterrazados localizados na contorna, xa que representan unha forma de articular a paisaxe para un maior aproveitamento agrícola en zonas de pendente. Finalmente faremos mención ós diferentes tipos de peches utilizados para limitar e demarcar as propiedades agrícolas.

Faise necesario destacar que nas visitas que se realizaron a esta zona co fin de ver e identificar as distintas parcelas que conforman esta área levada a estudo, atopámonos con varios impedimentos que imposibilitaron o seu recoñecemento e posterior caracterización. O máis destacable é a densa vexetación arbustiva que cubre certas áreas, así como zonas de entulleiras e vertedoiros derivados do progresivo abandono a que están sometidas estas parcelas e, en definitiva, esta zona de fondo de val.

Organización e aproveitamento da terra

Podemos analizar o terrazgo ben dende o punto de vista morfolóxico, a través da análise do mapa parcelario da zona da Brañas de Sar levada a estudo, ben dende o punto de vista da organización e dedicación dos cultivos e usos do solo (ver mapa 3 da cartografía).

Así, nesta área, atopámonos cun grande número de explotacións que deron lugar no seu tempo ó desenvolvemento dun determinado tipo de orientación económica dirixida principalmente cara a un cultivo intensivo. Fundamentalmente, nas Brañas de Sar encontrámonos cunha explotación agrícola onde se desenvolve unha *agricultura de corte tradicional baseada no autoabastecemento do núcleo familiar*.

O espazo agrario organízase en relación coa maior ou menor proximidade ós núcleos rurais, como *Sar*, *Cruceiro de Sar* ou *Picaños,* e ás vías de comu-

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

nicación que bordean un espazo alongado entorno ó río Sar. De feito, *o Sar funciona como elemento articulador* dunha paisaxe agraria onde as zonas de prado son fundamentais, funcionando como complemento do labradío, que se mantén en torno ás casas e nas zonas de cota máis elevada para evitar a podremia das raíces. Pero, sobre todo, hai que destacar unha paisaxe construída en torno á *xestión da auga*. A través da análise do parcelario e dos usos do solo reflíctese o uso desta paisaxe como un espazo de pasto natural, polo seu propio emprazamento á beira do río Sar, o que tería favorecido o mantemento dunha cabana gandeira, espazo complementario ó labradío rexistrado sobre todo en cotas superiores, concretamente no Monte Gaiás. Este espazo de pasto permanente favorecido pola fácil inundabilidade das parcelas reflíctese na microtoponimia da zona onde a referencia á auga é constante, tanto en relación con determinados elementos estruturais, como con formas de explotación do medio, e reflíctese tamén nos fitotopónimos, que fan referencia a especies de plantas para a obtención de pasto.

Na actualidade, atopámonos cun hábitat asentado no fondo do val centrado ó redor do río Sar, presentando toda unha variedade de posibilidades naturais que demanda o sistema agrario tradicional. Na zona inmediata ás casas dispóñense uns hortos (*cortiñas*) de reducido tamaño, nos que se plantan legumes, hortalizas e froiteiras varias. Estes hortos beneficiáronse e benefícianse dun traballo moi intenso e dun abonado continuo. Nas inmediacións das casas, a un nivel algo máis alto que elas, e configurando xa a paisaxe das zonas de ladeira de monte, atópanse as terras de labradío (*agras*) que se traballaban fundamentalmente con tracción mecánica, aínda que se mantén o uso do arado con tracción animal, xeralmente deixándoas en barbeito un ano de cada dous. Isto sucede esencialmente na zona SE das Brañas de Sar. En torno ó río e os canles e regatos de auga derivados da corrente principal localízanse zonas de bosque de ribeira e os prados naturais favorecidos pola hidromorfía mais acusada, e a miúdo de drenaxe impedido. (Ver figura 46).

Neste sentido, no Catastro da Ensenada de 1752, con respecto á pregunta de *Qué especies de froitos se recollen no termo*, respóstase:

> *A la undécima dijeron que las especies de frutas que se cogen en el términos de la ciudad se reducen a trigo, centeno, mijo menudo, maíz, algunas havas mezcladas entre ésta, lino, navos y mui poca cevada blanca; y de hortalizas, verzas del país, o coles, lechugas, cebollas, tomates, ajos, pimientos, chícharos o guisantes y col hasta nuestros días calabazas y algunos géneros, que es lo regular y, aunque hay algunas otras legumbres, se cogen con escasez, no tienen comercio ni merecen aprecio, y responden" (Eiras 1990: 59).*

Deste xeito, podemos dicir que nos atopamos cunha paisaxe agraria na que se poden diferenciar dous grandes conxuntos, definidos en función dunhas masas de aproveitamento e do traballo levado a cabo polas comunidades campesiñas nun determinado espazo: o labradío e os prados. En xeral, as terras de cultivos circunscríbense ás terras máis chans e de suave pendente, e os prados ocupando as zonas máis baixas, húmidas e encharcadas.

O labradío

As terras que se sitúan principalmente na parte NE e SE das Brañas de Sar son terras que reúnen unhas condicións óptimas para o desenvolvemento da agricultura. Nestas terras o cultivo base eran, e continúan sendo, os cereais e, entre eles, o millo por ser a base de alimentación tanto das persoas como dos animais. Hai que ter en conta que o millo, desde a súa implantación durante o século XVII, orixinou un aproveitamento máis intenso dos terrazgos, polas datas da súa sementeira e recolección, pois esta nova planta permitía alternar o seu cultivo cos cereais de inverno e con forraxes. Son, por tanto, terras onde o cultivo do millo e a pataca constituíu e constitúe a base da actividade agraria e da alimentación do pobo. (Ver figura 47).

Segundo as observacións agronómicas realizadas, certa porción de terreos destinábase tamén ó cultivo intensivo de horta, dadas as óptimas condicións agrícolas do lugar. Esta dedicación mantense igualmente na actualidade dado que en determinadas áreas do lugar existe a suficiente potencia de solo vexetal ou se propician certas condicións de humidade que facilitan este tipo de cultivo. Agora ben, cabe destacar que estas zonas con condicións de humidade óptimas son dedicadas fundamentalmente ó cultivo de pastos ou "herbais".

Na actualidade hai unha grande extensión de pequenas leiras cultivadas destinadas ó autoconsumo. É a xente de máis idade a que traballa estas terras, grazas ó cal mantéñense moitos dos métodos tradicionais de explotación.

Os prados

Os prados son eidos ó servicio da facenda, maiormente para o gando vacún, e a herba que producen pode aproveitarse de varias formas segundo as necesidades: coma pastos, coma outono en fresco (herba verde) ou como herba curada ou feno. Segundo Rivas (1996) o costume é pacer nos lameiros deica ó mes de abril para despois segar. Regar canto se poida durante o ano e, antes de segar, ou para segar, quitarlle con tempo a auga para poder traballar.

Nas Brañas de Sar os prados ocupan o fondo do val a ambos lados das ribeiras do río e, fundamentalmente, na metade SW (xa que na metade NE denótase unha maior diversificación dos cultivos). En termos xerais, distínguese entre os prados de secán, aqueles ós que non se lle dedica ningún tipo de coidado, denominados cos nomes de folgadas, herbais, herbeiros ou camposas; e os prados de regadío, os chamados lameiros. Estes prados aparecen localizados principalmente no fondo dos vales o das valgadas, mesmo alí onde se pode levar a auga a partir das fontes. A técnica de rego máis frecuentemente utilizada é a da inundación. Para esto, ó redor dos prados realízase un suco ancho, os *regos matrices* dos cales parten unha serie de canles pequenos, *as fillas*, que, aproveitando a pendente por medio de

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

innumerábeis zigzags, permiten distribuír o rego por toda a finca. (Ver figura 48).

Segundo García Fernández (1975) desde xaneiro - febreiro ata maio - xuño, o gando deixa de entrar nos prados e son regados continuamente. Permanentemente encharcados, convértense en terreos pantanosos. Outros prados de regadío, unha vez que se retira a auga, séganse para acumular a herba e a continuación son pastados durante oito ou nove meses ata que se procede de novo á inundación. Unha das operacións que se realiza para manter estes prados é a orientada a que se poidan seguir a regar. Cando o nivel do solo aumenta de tal modo que dificulta a distribución da auga, arríncase con coidado a capa de herba, os terróns, extráese parte da terra que hai debaixo e, unha vez rebaixada a súa superficie, vólvense colocar os terróns. (Ver figura 49).

A morfoloxía do parcelario

Un dos feitos que salta a primeira vista ó examinar o mapa parcelario é a enorme fragmentación do espazo de cultivo. Na análise do parcelario das Brañas de Sar podemos observar a diferente forma de organizar o espazo agrícola en relación coa maior ou menor proximidade ás vivendas pero, sobre todo, en relación ó río Sar, que funciona como eixo organizador deste espazo (ver mapa 2 da cartografía).

Como elemento inicial (unidade produtiva) do que se parte para poder definir a fragmentación da explotación agrícola está a parcela. "A parcela defínese como a unidade técnica de cultivo que orixina unha individualización da paisaxe" (Díaz Álvarez 1982: 28), e o seu estudo permítenos unha mellor visión da fragmentación das terras de cultivo e da conformación do *ager* (García Pazos 1990: 111). Faise patente que a fragmentación da explotación obedece a distintos factores que actúan de diferente xeito. De feito, a tipoloxía, a forma, o tamaño e os lindes das parcelas variarán tendo en conta as características físicas do terreo, tipos de cultivo, proximidade da auga, recursos naturais, etc., e tendo en conta outro tipo de factores de índole social como poden ser: a presión sobre o solo, a propiedade da terra (comunal ou privada), herdanzas, transformacións do campo por entidades locais e supralocais en base a un aproveitamento económico de novas plantacións, usos gandeiros, etc.

A parcela, polo tanto, é unha manifestación paisaxística da propiedade determinada por un tipo de cultivo, unha forma e un tamaño concreto, e a súa análise permite visualizar a fragmentación do terrazgo en pequenas microexplotacións, característica xeral do campo galego que tamén se materializa no espazo agrario das Brañas de Sar.

Deste xeito, nas Brañas de Sar a forma das parcelas é variada, sen distinción do cultivo a que se dediquen. Moitas delas son alongadas, aínda que predominando a forma cuadrangular fronte á poligonal. Inflúe o aproveitamento da parcela e os métodos de cultivo, pois aquelas que se dedican ó labradío (millo ou patacas) soen ser de maior tamaño e de formas regulares. Porén, os prados son de formas máis macizas e incluso redondeadas, tendendo a formas bastantes rectangulares, ó igual que as superficies dedicadas ó millo. As parcelas dedicadas a horta son de reducido tamaño, tendendo ás formas cadradas aínda que tamén as hai alongadas e moi próximas ó núcleo habitacional.

As parcelas máis alongadas e cuadrangulares son as máis frecuentes. Estas agrúpanse en campos abertos, en pequenos conxuntos perpendiculares á rede de camiños e ó abastecemento da auga principal, que neste caso é o río Sar e as súas canles de derivación de auga. O predominio da forma lonxitudinal sobre a anchura relaciónase con técnicas de cultivo. Son máis fáciles as tarefas que se realizan co arado ou co tractor, aforrándose tempo nos xiros, fronte ás de tipo trapezoidal, na que parte dos sucos non chegan a ambas cabeceiras da parcela, recibindo nalgunhas zonas o nome de "suquetes" ou "netos". Neste sentido a disposición perpendicular ó río e ás súas canles permite o abastecemento de auga a cada unha delas sen quedar ningunha illada e evitando conflitos, na medida do posible, derivados do acceso e disposición da auga. Tamén pódese explicar como a consecuencia da realización das "partixas", cando se divide una finca labrada, a partición faixe en sentido lonxitudinal por ser máis fácil de medir a anchura que a lonxitude, adquirindo o aspecto de longas cintas que os xeógrafos franceses denominan "lanières".

Estruturas agrarias tradicionais

Neste apartado faixe unha descrición e análise da paisaxe agraria dende a definición da variedade de estruturas agrarias con que nos atopamos na área de Brañas de Sar. Os elementos que constitúen esta paisaxe agraria, en xeral, derivan en gran parte dos métodos que se aplicaron coa finalidade conseguinte de xerar un espazo agrícola produtivo. Son o resultado do dominio sobre os factores naturais que exercen as comunidades labregas mediante as súas técnicas.

O terrazgo organizado en terrazas. As terrazas en Brañas de Sar

Facendo unha valoración xeral do espazo agrario que se desenvolveu en Brañas de Sar, consideramos que é necesario facer mención ós espazos aterrazados. Segundo as entrevistas feitas nesta zona, estas estruturas de aterrazamento reciben o nome de "roleiros", destinados á contención do terreo mediante un noiro ou muro de contención para salvar as pendentes ou desniveis e convertelo en apto para o cultivo. Estas estruturas agrarias teñen una especial relevancia no noso estudo xa que tiveron e seguen tendo un papel decisivo na configuración da paisaxe actual.

Centrándonos nesta zona das Brañas de Sar, a importancia do estudo destes sistemas aterrazados radica en que estas terrazas posiblemente foron produto dunha configuración da paisaxe xa en épocas precedentes, probablemente, desde o mesmo momento en que se xeralizou o aproveitamento dos recursos agrícolas na zona. É aquí onde o método arqueolóxico faixe necesario. O estudo de sistemas

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

aterrazados a través da análise arqueolóxica noutras zonas de Galicia, e en concreto no estudo feito en Monte Gaiás[4], permitiu extraer unha serie de informacións sobre como poden ser os distintos elementos que conforman unha terraza, a súa xénese formativa e a cronoloxía das diferentes fases construtivas destes elementos.

Na paisaxe que abrangue as Brañas de Sar, a pesares de resultar, a simple vista, un espazo chan de leve pendente en torno ó río Sar, atopámonos con dúas zonas aterrazadas, situadas nos vértices opostos das Brañas de Sar: unha primeira, nos terreos correspondentes á metade NE, na zona E, de suave pendente e que se denominou como *Terraza de A Revolta de Abaixo - Goiáns de Abaixo*, e unha segunda nos terreos correspondentes á metade SE, tamén na zona E, de pendente máis acentuada e denominada *Terraza de Picaños*.

Terraza de A Revolta de Abaixo - Goiáns de Abaixo, PU080220H02

Está situada na parte NE de Brañas de Sar, en paralelo ó río Sar. Na parte NE ten un sistema de canles para o regadío e sistemas de terrazas. Abrangue varias parcelas que dividen o terreo de forma transversal: denomínaselles A Revolta de Abaixo (cuxo significado pode proceder de monte roturado) e Goiáns de Abaixo (posiblemente antropónimo de orixe xermánica). Estes topónimos teñen a súa correspondente variante (- de Arriba) na ladeira de Monte Gaiás, nunha cota superior.

Este aterrazamento parece dividir o espazo agrario en dous: a zona superior, na que se cultiva cereal, e a inferior, e máis en contacto co río e cunha canle de derivación de auga, dedicada a pasto, denominada Lavadoiros e Agra da Fieira..

Terraza de Picaños

Tratase dunha estrutura aterrazada situada no SE das Brañas de Sar. Esta terraza disponse de forma paralela ó camiño do Fondo da Braña (PU080228H06) que comunica a zona de Carreiro de Picaños con Ponte Pedriña e que discorre ó longo das Brañas de Sar, cunha orientación NE-SW. Mesmo esta terraza foi cortada recentemente pola ampliación do camiño ó Muíño (PU080228H05) polo que posiblemente esta estrutura podería continuar en dirección SE. Presenta un muro de contención feito con pedras de cantería e máis cachotería de anfibolita e de granito en todo o seu percorrido. A parte inferior desta terraza esta dedicada a pasto e a parte superior está abandonada, a monte baixo con árbores prantados no seu noiro; de feito, divide o espazo de cultivo en dous usos diferentes, o banzo inferior dedicado a pasto e seguindo a cota máis baixa a prado natural pola influenza das brañas e o banzo superior que, aínda que na actualidade esta a monte baixo, no seu día foi un espazo dedicado ó cultivo de millo.

Sistemas de parcelación: os peches

A presenza o ausenza de peches é unha das pegadas morfolóxicas que salta á vista na observación superficial da paisaxe.

Os peches teñen, en principio, dous obxectivos: sinalar os lindes dunha determinada propiedade e impedir o acceso a elas. Os lindes entre as parcelas materialízanse mediante os valados: muros construídos con cachotes regulares ou irregulares de pedra superpostos; os hai de diferentes alturas e de distinta consistencia. Asimesmo un rego de auga ou un camiño serven de linde entre parcelas. Tamén atopámonos con peches defendidos con vexetación como árbores e arbustos. En moitos casos utilízanse, como deslindes de fincas, loureiros ou bidueiros que ademáis serven para abastecerse de material-vexetal para o ámbito doméstico como cestos, atar as viñas, etc., (ver figura 50).

Cabe tamén mencionar o carácter de privacidad que teñen os peches a medida que gañan en altura; canto máis pechados máis se reforza a privacidade e a inaccesibilidade. O tipo máis corrente consiste nun muro de pedra. O aparello depende en gran parte do alto que deba levar, do fin a que se destine e da clase de materiais que se usen ou da propia economía familiar. No caso concreto de As Brañas de Sar non é moi frecuente observar grandes peches. Unicamente se presentan cerrando superficies máis ou menos amplas, como a Colexiata do Sar, cuxo muro ademáis de marcar a súa inaccesibilidade, reforza o poder simbólico (a través da relixiosidade crtistiá) e material., como dona dunha grande parte das propiedades das Brañas de Sar así como dos dereitos de uso da auga, tanto para a rega dos prados como para abastecer os muiños fariñeiros.

Hai varios grupos de leiras delimitadas por un camiño que as separan doutro conxunto de fincas. As parcelas tamén son demarcadas, algunhas veces, por "cómaros", pequenas bandas de terreo que, en moitos casos, aprovéitanse para o pasto das vacas, formando os redores, que delimitan parcelas de distintos propietarios.

Unha limitación menos visible é a colocación nas cabeceiras da finca dunha pedra, chamada "marco". O linde é establecido pola liña recta que vai dun marco a outro. Estas pedras "chantadas" ou "marcos", a maior parte das veces, vanse cubrindo pouco a pouco debido ós sucesivos laboreos, ata chegar a enterrarse, sendo necesario buscalos cando se quere deslindar unha determinada propiedade. Os marcos non teñen forma nin tamaño determinado e soamente será a experiencia do campesiño a que poida determinar si se trata dunha pedra calquera ou dun "marco". En Brañas de Sar documentáronse dous marcos que delimitan a parcela denominada Revolta de Abaixo (PU080320H01 e PU080320H01).

Os peches máis xeneralizados realízanse sobre as hortas, co fin de evitar calquera intrusión nunha área de cultivo intensivo e á que se lle procuran grandes coidados. Na actualidade materialízanse na súa maior parte mediante muros de formigón e ma-

[4] Remitímonos de novo ao artigo feito por Ballesteros, Criado Boado e Andrade (2006).

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

llas metálicas documentados, a maior parte deles, na zona de Carreiro de Picaños, na metade SE das Brañas de Sar. (Ver figura 51).

A ARQUITECTURA DA AUGA

O noroeste peninsular ten fama de ser unha zona húmida, pero o certo é que, ademais de haber anos con períodos de seca acusada, a época estival é bastante seca. Doutra banda, Galicia é un país montañoso, polo que, ademais de ter en conta que o réxime estacional das choivas é máis ben irregular, é necesario ter un coñecemento exhaustivo do territorio para posibilitar unha efectiva xestión da auga: captala, regulala, guiala e repartila.

Partimos da idea de que a auga entra de cheo nos problemas cruciais das comunidades campesiñas. De que non é o mesmo falar de recursos hídricos que falar da auga dispoñible. O recurso hídrico pode referirse á auga que cae nunha determinada zona, por exemplo, pero que se non se recolle e se perde, polo que a auga dispoñible pode ser infinitamente menor. (Ver figura 52).

Neste sentido, consideramos esencial coñecer o uso que as comunidades campesiñas tradicionais fixeron e están facendo da auga, con fins agrarios, gandeiros, ou para o servizo doméstico da propia comunidade. E, sobre todo, porque estas obras nas que se transforma o medio en favor dun maior aproveitamento hidráulico non teñen un creador recoñecido, senón que son anónimas, froito dun traballo comunitario, dunha experiencia e dun coñecemento acumulado.

As Brañas de Sar é unha paisaxe onde a auga era un elemento abundante que, unido á topografía accidentada, traduciuse en elementos dinámicos como represas ou ceñas, canles de auga, muíños, fontes ou lavadoiros que contribuían a crear puntos focais nunha paisaxe desenvolvida a través do uso de tecnoloxías e sistemas hidráulicos favorecendo a agricultura e a gandería intensiva.

O río, polo tanto, é unha entidade que foi manipulada ó longo do tempo, tendo en conta as súas crecidas a través dos saltos de auga, facilitando o paso por medio de pontellas, pasos de auga, carreiros, etc. En definitiva toda unha arquitectura asociada á xestión da auga para organizar a paisaxe de fondo de val por onde transcorre o río, eixo vertebrador desta paisaxe.

Quizais os muíños son os elementos construtivos que, ademais de destacar máis na paisaxe, evocan un pasado vivo onde a natureza convivía estreitamente coa cultura e a forma de vida das comunidades humanas.

Respecto a este tipo de arquitectura atopamos, no diccionario de Miñano (1827), referencias á cantidade destas construcións en Santiago de Compostela ó longo dos ríos Sar e Sarela:

> *Sar y Sarela, ambos son de igual caudal, se aprovechan sus aguas en muchos mol. harineros, bastantes para subvenir al consumo de esta ciudad y aldeas vecinas. Los manantiales que en ellos se pierden, dieron lugar a construir muchas fábricas de curtidos de considerable producto, cuyo sobrante se beneficia Madrid, Cádiz y otros puntos; también se saca partido a esta agua, y de los lodos que acarrean de las calles para fertilizar grandes praderías y muchas huertas (Miñano 1827: 131).*

Os muíños

Os muíños das Brañas de Sar están dedicados á moenda de gran, aínda que os hai que están destinados á moenda de olivas, chumbo, cortizas, etc. ou doutro tipo, como é o caso do Muíño do Morico (PU080115H01), chamado Casa do Martillo, que era antigamente un mazo onde se levaba o coiro para mazalo previamente á súa utilización para as solas do calzado.

Os que estaban dedicados á moenda do gran, aínda que as tipoloxías son variadas, teñen en común o emprego de dúas pedras, unha móbil e outra inferior fixa, para a obtención de fariña. Poden ser manuais, de vento ou de auga (hidráulicos). Son estes últimos ós que se fará mención neste texto.

O muíño e unha construción que contén un sinxelo mecanismo composto de distintas pezas destinadas a aproveitar a forza da auga para triturar os cereais. Este mecanismo pódese dividir en dúas partes: a parte inferior do muíño, chamada “inferno”, onde están as pezas do mecanismo de rotación, e a parte superior, o “tremiñado”, onde están as pezas do mecanismo de trituración.

O mecanismo de rotación está formado por unha roda motriz chamada rodicio, un eixo vertical, unhas pezas de sustentación do xiro e outras que permiten o desprazamento vertical do mecanismo.

O mecanismo de trituración, esencialmente, está composto polas pedras de moer o cereal. As pedras son dúas, e reciben en conxunto o nome de “roda” mentres que por separado son nomeadas como “pe”, pedra inferior fixa de forma cilíndrica, e “moa”, pedra circular que traballa xirando enriba do pe. O gran desfaise ó pasar entre elas. (Ver figura 53).

Cada muíño ten o seu nome, que é o xeito de designalos individualmente. Nos muíños de maquía a solución máis estendida era a de lle poñer o nome do seu propietario ou muiñeiro, ou tamén o seu alcume ou o da súa familia, como sucede en todos os casos atopados en Brañas de Sar. Estes nomes eran usados soamente polos clientes do muíño, porque o seu propietario e a familia referíanse a el simplemente coma “o muíño”, no caso de que só tiveran un. Pola contra, os muíños de herdeiros veñen a ser unhas das poucas construcións rurais cun nome propio que nada ten que ver coa súa propiedade. Só cando as construcións son comunais os nomes deixan de rexerse por ese criterio de propiedade tomando o nome do lugar onde se asentan, a orografía do entorno do muíño, ou nomes que fan referencia a unha peculiaridade propia da súa feitura arquitectónica ou tipoloxía.

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

No *Catastro da Ensenada* (1752) de Santiago de Compostela, recolleuse que, para aquel tempo, só no Sar había un total de 18 muíños. Así, no apartado correspondente a *Molinos situados en la Parrochia de Sar, y Ríos de ella, distancia unos con otros de la Ciudad, medio cuarto de legua*, enuméranse varios:

> *Andrés de Antelo tiene un molino de dos piedras negreras en el Río de Sar, que se reguló en nuevecientos un reales y veinte y seis maravedíes;*
>
> *Antonio Galante tiene dos en dicho río, cada uno con su piedra negrera, seiscientos quarenta y quatro reales y seis maravedíes;*
>
> *…sendo dous os muíños rexistrados concretamente en Brañas de Sar:*
>
> *Josepha da Fraga tiene otro molino de dos piedras negreras, en el lugar de las Brañas y Río de Sar, que se reguló su utilidad en seiscientos quarenta y quatro reales y quatro maravedíes...*
>
> *Jacobo Alvarez por otro de una piedra negrera llamada de las Brañas se reguló en seiscientos quarenta y quatro reales y quatro maravedíes..." (Eiras 1990: 162). (Ver figura 54).*

Os muíños de canle

Atópanse ó longo de case todo tipo de cursos de auga, agás naqueles regueiros de moi escaso caudal estival. A auga se toma do río por unha ceña, corre case sempre nun primeiro momento por unha presa terreña que no seu derradeiro tramo pasa a ser canle de pedra, sufrindo un progresivo estreitamento, e precipitándose en pendente cara ó rodicio. Esta pendente proporciónalle á auga a forza suficiente para poñer en movemento o rodicio, e con el todo o mecanismo; tras impactar nas penas, o torrente cae sobre o chan do inferno polo que corre saíndo de novo ó exterior. O aparello de rotación está composto por rodicios de penas radiais que poden ser de madeira ou ferro.

Os muíños de canle que atopamos en Brañas de Sar levan a canle cuberta no seu tramo inclinado. Estas canles van metidas na terra e teñen unha maior inclinación e anchura que as canles descubertas, debido a que tamén cumpren unha pequena función de almacenamento de auga. A canle remata no inferno dunha biqueira de pedra ou nun buraco de saída no que, na época da seca, se pode colocar unha biqueira de madeira que reduce o consumo de auga, podéndose prolongar a temporada de moenda.

A gran maioría dos muíños de canle só acollen unha roda, aínda que nalgúns casos, como sucede nos muíños de Brañas de Sar, hai ata tres, fornecidas por cadansúa canle, que veñen sendo bifurcacións dunha canle principal pola que chega a auga a todo o conxunto.

Os muíños de cubo

Esta tipoloxía está especialmente deseñada para o aproveitamento dos cursos de auga de escaso caudal, debido ó seu mínimo consumo de auga durante a moenda. A forza que a auga precisa para pór en movemento o rodicio conséguese nestes muíños a base da presión creada nun depósito chamado cubo ou pozo. Cando este depósito enche, o mesmo peso do líquido nel contido provoca unha gran presión na parte máis baixa dende onde arrinca un conduto cara ó inferno, lugar no que lle dá saída a través dun pequeno buraco polo que sae un enerxético chorro capaz de pór en movemento todo o mecanismo. Para aminorar o consumo da auga, no buraco de saída colócaselles unha biqueira de madeira.

Os cubos, feitos en pedra, poden adoptar múltiples formas e tamaños segundo as necesidades de cada muíño e a orografía do lugar. Hainos cilíndricos, trapezoidais, feitos en perpiaño ou encostados a unha das paredes do tremiñado, e tamén estilo balsa (ver figura 55).

Os pelamios

Certas zonas distinguíronse pola industria dos pelamios, e Santiago era unha delas, fundamentalmente á beira do río Sarela. Froito desta transformación, preto das Brañas de Sar había vaias fábricas de curtidos como a fábrica de San Nicolás de Sar fundada en 1802; a fábrica de O Viso, levantada en 1821, situada nas proximidades do Estadio Multiusos de Sar, cerca do río; a fábrica de Picaños, foi unha das últimas fábricas de curtumes que se construiron en Santiago, entorno a 1829, situada no antigo campo de Picaños, pasado o sar no camiño de Aríns; e por último a fábrica de Ponte Sar. Segundo Carmona e Fernández (2003) esta fábrica debía de estar en funcionamento contra o ano 1820, emprazada na zona xusto de Ponte de Sar a man esquerda, saíndo da cidade. Segundo as escasas referencias que hai dela, esta debía ser unha pequena fábrica de curtumes, xa que o seu propietario tratou de eludir todos os padrons que daquela época facía o concello para gravar aos fabricantes con diversas contribucións, deixando de funcionar sobre o 1850.

Froitpo desta actividade tamen hai referencias etnográficas de que ó muíño chamábanlle a Casa do Martillo, porque era onde se mazaban os solas de coiro antes de ser utilizadas no calzado. Debido á importancia que acadou en Santiago este tipo de manufacturas consideramos necesario mencionalas, xa que tanto o Muíño do Martelo (PU080115H01) como a xa mencionada fábrica de curtidos da familia Arguindei atópanse no seu contorno.

Pérez Constanti (1926) fala das tenerías ou pelamios dentro e fóra da cidade de Santiago a partir do século XVI:

> *"pelambreras y tenerías eran innumerables en la ciudad de Santiago, dentro de las mismas murallas… a las que sucedieron las actuales (século XIX) fábricas de curtidos … el barrio de los Pelamios conserva ese nombre por haber estado invadido en algún tiempo de los noques para apelambrar pieles… que causaban mucho fedor. De aí que unha Ordeanza de 1503, en Santiago, mandase:*
>
> *"Que ningún pelamio, ni poça, ni tenería, estoviere en la dicha ciudad, que se pongan puertas a los pelamios que están en la puerta del Camino para que estén cerrados… cuan-*

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

do estovieren lavando o meciendo los cueros…" No que se volve a insistir no 1569: "que en el pelambre en que pelaren los dichos cueros, no los buelban a echar en el agua despues d epelados, donde los pelaren, sino que alimpien el pelambre y despues le echen su agua limpia y su cal fresco asta lambrados… y los echen en sus pilos con casaca fresca que sea molida de un día" (Pérez Constanti 1926: 32-233).

Posteriormente, e despois dun longo proceso, o coiro traballábase artisticamente, frontais, bolsos, alforxas, calzado…

A infraestrutura da auga

Refírese á construción de todos aqueles elementos destinados a levar a auga dende o río ata o os muíños e ata os prados para facilitar a súa rega. Neste sentido, a irrigación de Brañas de Sar bebe directamente do río Sar, de curso perenne aínda que cun cauce variable segundo as estacións do ano.

A ceña

Trátase dun encoro que se interpón no medio do río para desviar parte da auga á zona que adoita ser regada ou cara ós muíños para abastecelos de auga. No caso de que sexa necesario, cómpre cortar a corrente do río, detela e, no seu caso, elevala de nivel, de xeito que leve altura suficiente para as fincas que hai que regar. Nalgúns muíños de cubo, a ceña non existe e a auga precisada, por non ser moita, tómase directamente do regato abrindo un rego no lugar apropiado.

Son, en xeral, rectilíneas e feitas para facilitar o tránsito da corrente cara á presa ou canle situada nunhas das ribeiras. Constrúense asentando grandes pedras, obtidas moitas veces do mesmo cauce. Polo xeral, fanse muros de contención e a parte exposta á corrente non tarda en adquirir unha rampla de residuos, area, terra e pedras que as impermeabilizan contra as filtracións. de forma que a auga sobrante reborda pola parte alta. A súa lonxitude é sempre a do río no que se alza, polo que se procuran lugares estreitos en zonas de desnivel do cauce. A súa altura ven determinada pola necesidade da auga. Este pode ser un dos elementos máis resistentes e perdurables da arquitectura da auga porque está pensada para resistir as fortes pendentes.

En Brañas de Sar documentáronse dúas: a Canle de auga do Forte (PU080130H02), e a Represa ou ceña de Brañas de Sar, (PU080130H01), ambas documentadas na zona sur.

Rego

Chámase así a condución que nalgúns muíños leva a auga dende a ceña ata a canle. Vai comunmente escavado na terra. A captación pode ser directa, cando a pendente do terreo o permite, ou por derivación provinte dunha presa que trae a auga dende máis lonxe. Xa no interior do prado fanse unha serie de regueiros que permiten a distribución da auga segundo as necesidades, podendo controlar a irrigación atrancando a canle de derivación ou abríndoa por un simple sistema de pedras e terra.

A canle

A corrente do río é represada para ser desviada e levada onde poida facer servizo. Importa moito ter en conta o nivel dependendo de se é necesaria para un muíño, nese caso, canto máis altura adquira mellor, ou se é para regar, tendo en conta os terreos que se teñen que regar.

É a condución de pedra que leva a auga dende a mesma ceña ata o cubo ou ata o inferno. As canles aparecen no derradeiro tramo da condución dos muíños de cubo, montadas sobre esteos ou muros. E tamén o fan no derradeiro tramo da condución dos de canle, onde cómpre distinguir dúas partes: unha primeira horizontal e outra final, de acusada pendente, tamén chamada canleiro. A irrigación é feita a través dunha canle de derivación: normalmente este sistema apela á solidariedade veciñal, que actúa, ben por quendas fixas e invariábeis ou por quendas máis aleatorias, dependendo da abundancia de auga, xa que a rega realízase maiormente no verán (Chao 1995: 239).

As balsas

Comunmente chamadas pozos, son unhas pequenas represas que aparecen no agro como unha forma de almacenar a auga provinte dun manancial ou regueiro para, despois de cheas, ceibalas utilizándo a auga para o rego. Algúns muíños sérvense destas balsas na temporada seca para poder moer durante curtos espazos de tempo. (Ver figura 56).

Finalmente suliñar outro dos temas derivados do manexo das augas, que ven a ser o dos **conflitos derivados do uso e xestión da auga**. Xosé M. Candal (1993), no seu estudo dos pleitos de augas no século XVIII, sinala que o 95 % das causas analizadas tiñan a súa orixe nun conflito polo uso da auga de rego no campo, destacando as que afectaban ó regadío dos prados e ós muíños.

Como exemplo desta conflitividade en torno ós recursos hidráulicos, insértase un texto procedente do Arquivo de San Martiño Pinario, procedente da documentación da Colexiata do Sar e correspondente ó Legajo I número 15.

"...Thomas Tabeada en nombre del Excelentísimo Señor Don Pedro de Acuña y Malvar Caballero Gran Cruz de la ---------orden Española de Carlos tercero de Consejo de Su Majestad en el de Estado y Prior del R. Priorato de Santa María la Real de Sar ante -------como mas -----lugar digo que el Agua para el servicio y consumo de las casas de dicho Real Priorato y canonigos que en el avitan en los extramuros de esta Ciudad viene por unos caños de piedra y estos cuviertos con losas correspondientes y de los mismos desde el lugar que se nombra de Picaños atravesando y usando por algunos territorios hasta llegar a las dichas casas, y siendo esto así visible y constante como echo a obra de manos no solo a los vecinos y avitantes de dicho lugar de

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

Picaños y el de Santa Marina sino tambien a los de la calle ----- que están frente a dicho Priorato y su iglesia e igualmente a los que estan pasado el Puente de dicho ----- de Sar -----y consentimiento desde inmemorial tiempo y sin causarle la menor novedad se ----- quede proximo aparecio sacada o ----- de su sitio una de las losas que cubre el caño y estaba -----con Cal dejandolo descuvierto y por consiguiente en -----del Agua llegando después de este atentado a usar -----de ella labando Ropa, alodandola y haciendo otras cosas con que dicha Agua llegaba sucia a dicho Priorato -----y uno y otro lo ejecutaron los expuestos vecinos y avitantes e los dichos lugares y barrios que son los más inmediatos al explicado sitio como entre ellos lo ha sido ----- que fue a lavar al dicho caño y el sobredicho a cada paso transita por el sitio para un prado que tiene arrendadoala inmediación y nosiendo de Disimulas semejantes echas ya atentado...".

ESTUDO HISTÓRICO E DOCUMENTAL

Contextualización histórica a través das fontes documentais

O estudo histórico fíxose a través da busca e análise de fontes da Idade Moderna (*Catastro do Marqués da Ensenada*, *Diccionario Madoz*, Miñano, arquivos parroquiais, consulta de diferentes arquivos en rede, etc.) que puideran ofrecer información sobre este espazo en época anterior ás transformacións contemporáneas. De todos os xeitos, algúns dos textos recollidos fóronse incorporando no texto do informe para aclarar ou reafirmar certas cuestión relativas ó uso deste espazo de Brañas de Sar.

A zona de Brañas de Sar, como se apuntou anteriormente, atópase nas proximidades da cidade de Santiago de Compostela, en pleno val do Sar e moi próxima á Colexiata de Sar, coas aldeas de Sar, O Viso, Picaños o Aríns nas súas inmediacións. No contorno da zona localízanse importantes vestixios de época medieval como a Colexiata de Sar, un dos elementos máis representativos do patrimonio construído do concello, integrada á súa vez nun conxunto declarado BIC (Lei do 14 de agosto de 1985 [Gaceta 17-VIII]), ou a propia cidade de Santiago de Compostela, de indiscutible importancia patrimonial, declarada conxunto Histórico - Artístico mediante o Decreto 9-III-1940 (BOE 18-IV) e, máis recentemente (en 1985), Patrimonio da Humanidade.

A orixe e posterior desenvolvemento destas aldeas está en relación cos propios inicios e co desenvolvemento da cidade de Santiago e, por suposto, coa fundación da Colexiata de Sar como institución eclesiástica que controlaría a produción das terras desa zona.

Seguindo a López Alsina (1988), a constitución do primeiro núcleo urbano da Galicia medieval iníciase na primeira metade do S IX. Cando morre o bispo iriense Teodomiro no año 847, na porción nororiental do territorio rural de *Amaea* producíronse xa os primeiros cambios, sendo a preocupación fundamental, tanto de Afonso II como do bispo Teodomiro, a de restablecer a vida eclesiástica en torno ó sepulcro xacobeo.

Esta cidade ten por base as actividades agropecuarias e o mundo urbano vai xurdindo, ensanchándose en constante simbiose co mundo rural, do que extrae a forza de traballo que necesita mediante a inmigración de xentes do contorno, e case nunca puido prescindir, dentro dos seus propios muros, das terras de labor dun sector da súa poboación dedicado á agricultura. A existencia de alfoces ou de territorios suburbanos, dependentes do dominio señorial da cidade, ven a configurar a estreita relación entre cidade e campo no mundo feudal (figura 57).

Deste modo, dous pequenos ríos, *Sar* e *Sarela*, sucan este lugar arrodeado dun amplo conxunto de vales, *Amaía*, *A Sionlla*, *Ulla* e *Vea*, polo que resultaba particularmente indicado para o desenvolvemento de actividades agropecuarias. Por esto mesmo, era susceptible de converterse en centro administrativo, a partires do cal un forte poder señorial podería controlar, como así sucedeu, a produción dos vales circundantes. É dicir, atopámonos con que as aldeas situadas nas marxes de Santiago, dende os inicios da súa fundación ata practicamente a actualidade, estiveron vinculadas a esta cidade como centros provedores, xa non só de man de obra senón de produtos agrogandeiros.

No que se refire ó mosteiro de Santa María de Sar, Munio Afonso, bispo de Mondoñedo, adquire un terreo na beira dereita do río Sar con obxecto de fundar un pequeno mosteiro ó que retirarse e que se rixiría pola regra de San Agustín. Munio Afonso morre en 1132 sen poder levar a cabo o seu desexo, e é entón cando o arcebispo Xelmírez decide levar adiante o seu proxecto. O arcebispo Xelmírez concédelle á casa de Sar unha serie de privilexios, como foi poñer baixo a xurisdición de Sar un amplo territorio que comprendía varios vales agrarios localizados ó SE da cidade de Santiago. Dende a súa fundación, este priorado compostelán recibe una longa serie de donacións e privilexios que practicamente van a continuar ó longo de toda a Idade Media. Será a partir do S XVI cando a vida do priorado comece a declinar, quedando reducido a colexiata. En 1851 pasou a ser parroquia da arquidiocese compostelán, rango que ostenta na actualidade.

En canto á Calzada do Sar, resulta evidente que, ó tratarse do camiño de Santiago, está vinculado a un intenso tránsito e actividade desde, polo menos, época medieval. Non só iso, senón que o seu propio trazado sitúase posiblemente no lugar de paso óptimo para sortear as pendentes da ladeira do Monte Gaiás na súa ladeira suroeste, polo que podemos supor que o trazado posiblemente discorra por algún camiño tradicional ou paso natural anterior á construción da propia Calzada. A Calzada de Sar aparece mencionada como unha das vías de comunicación que confluían no S. IX ó *locus* de Santiago, sendo unha destas a vía Santiago - Aríns – Ourense, a través da cal está documentado que, no S. XII,

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

chegaba á cidade o viño ourensán (López Alsina 1988: 135).

O imaxinario de Brañas de Sar

